Urbana
Santiago
Norte

ENQUISA A TRABALLADORES E DEMANDANTES DE EMPREGO NA HOSTALERÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

-Decembro 2015-

Quadernas
Consultoría

ÍNDICE

I. PERFIL DO ENTREVISTADO 4

II. FORMACIÓN ESPECÍFICA EN HOSTALERÍA 9

II.1. Formación específica 9
II.2. Demandas formativas 35
II.3. Plan Acredita 41
II.4. Aposta das empresas pola formación 57

III. EXPERIENCIA LABORAL E CONDICIÓNS DE TRABALLO 68

III.1. Experiencia laboral 68
III.2. Acceso ao traballo 82
III.3. Tipo de contratación e temporalidade 89
III.4. Salario e horas extra 117

IV. COÑECEMENTO E CUMPRIMENTO DO CONVENIO COLECTIVO 133

V. IDEAS FORZA 141

VI. ANEXOS 153

VI.1. Ficha técnica 153
VI.2. Cuestionario 154

I. PERFIL DO ENTREVISTADO

A mostra de análise do presente estudo está composta por 800 entrevistas realizadas a persoas que nalgún momento estiveron inscritas como demandantes de emprego no Concello de Santiago de Compostela ou que realizaron cursos formativos relacionados con este sector.

Ante a carencia de datos oficiais a nivel municipal sobre as características sociodemográficas optouse por tomar como criterios para fixar os parámetros mostrais do universo de estudos a citada base de datos que contiña 3.542 rexistros de persoas relacionadas co sector.

Para garantir a axeitada representatividade do estudo, o deseño mostral estableceu a realización dun número de enquisas por sexo e idade proporcional ao peso de cada unha destas variables no conxunto da base de datos de referencia.

Neste senso, se a distribución por sexo na base de datos era de un 35,3% de homes e dun 64,7% mulleres, as porcentaxes son moi similares entre os finalmente enquisados (34,6% e 65,4% respectivamente), presentando unha desviación de pouco máis de medio punto respecto da distribución da mostra.

Sexo dos entrevistados

	Universo de estudo	Mostra
Home	35,3	34,6
Muller	64,7	65,4
Total	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia



No tocante á idade, outro dos elementos clave na definición da mostra, o 14,4% dos entrevistados ten ate 25 anos (tendo 19 anos o enquisado máis novo); o 27,9% entre 26 e 30 anos; o 22,8% entre 31 e 35 anos; o 15,6% entre 36 e 40 anos; o 10,1% entre 41 e 45 anos; e o 9,3% máis de 45 anos (tendo 62 anos o enquisado de máis idade).

Así, a media de idade das persoas entrevistadas é de 33,55 anos, cunha desviación típica de 8,24.

Con estes valores, a mostra axústase á distribución por idades das persoas incluídas na base de datos de referencia, con só lixeiras desviacións porcentuais que en ningún caso chegan ao punto porcentual.

Idade dos entrevistados (tramos)

	Universo de estudo	Mostra
Ata 25 anos	14,4	15,1
26-30 anos	27,9	28,0
31-35 anos	22,8	23,6
36-40 anos	15,6	15,0
41-45 anos	10,1	9,4
Máis de 45 anos	9,3	8,9
Total	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia

Idade dos entrevistados

	Mínimo	Máximo	Media	Desviación típica
	19	62	33,55	8,24

Fonte: Elaboración propia



Máis do 70% dos enquisados teñen experiencia laboral no sector da Hostalería. Concretamente o 57,9% dos entrevistados traballou nalgún momento da súa vida neste sector e o 21,9% está traballando actualmente no mesmo.

Por outra banda, o 20,3% restante dos enquisados nunca traballaron en Hostalería pero están buscando emprego no sector. Estes datos serán analizados con maior detalle no capitulo III deste informe, no que se abordarán as cuestión relativas á experiencia laboral e ás condicións de traballo dos enquisados.

Podería dicirme se Vde. traballa, traballou ou buscou emprego no sector da Hostalería?

	Frecuencia	Porcentaxe
Si, estou traballando actualmente	175	21,9
Si, traballei no pasado	463	57,9
Non, pero estou buscando	162	20,3
Total	800	100,0

Fonte: Elaboración propia



Ao preguntar máis en detalle, máis da metade dos enquisados traballou, traballa ou busca emprego na rama de restaurantes e bares, porcentaxe moi superior á da segunda rama máis citada nesta variable, a dos aloxamentos e hoteis, que rexistra un 22,1%.

A continuación, e con porcentaxes inferiores ao 5%, sitúanse as ventas turísticas (recordos, produtos típicos, etc.), os guías e información turística e o transporte de viaxeiros, ramas nas que traballou, traballa ou busca emprego o 3,3%, o 2,4% e o 2,1% dos enquisados, respectivamente (2,1%).

Outras actividades con porcentaxe de resposta inferior ao 1% foron incluídas na categoría "Outras actividades turísticas" (4,6%).

O 3,3% dos enquisados non soubo ou non quixo responder a esta cuestión.

E podería indicarme en que rama traballa / traballaba / está buscando emprego?

	Frecuencia	Porcentaxe
Restaurantes e Bares	498	62,3
Aloxamentos e Hoteis	177	22,1
Ventas turísticas (recordos, produtos típicos...)	26	3,3
Guías e información turística	19	2,4
Transporte de viaxeiros	17	2,1
Outras actividades turísticas	37	4,6
Ns/Nc	26	3,3
Total	800	100,0

Fonte: Elaboración propia



Para rematar este apartado dedicado á descrición básica do perfil dos entrevistados cómpre facer referencia á formación xeral dos mesmos. Neste senso, a categoría máis frecuente é a dos que posúen estudos universitarios (40,4%), entre os que destacan principalmente os licenciados (27,1%), seguidos dos diplomados (12,1%) e, finalmente, os doutorados (1,1%).

Entre os que posúen un segundo ciclo (38,3%) destacan especialmente os que fixeron un FP de Ciclo Superior (19,8%), con porcentaxes inferiores ao 10% os bachareis (9,9%) e os que teñen un FP de Ciclo Medio (8,6%). Por último, un 21,4% realizaron estudos primarios ou secundarios (7,6% e 13,8% respectivamente).

No capitulo II entrarase máis en detalle no nivel formativo dos enquisados, analizando con especial atención a formación específica para o sector hostaleiro.

Cambiado agora de tema e falando da formación en xeral, podería indicarme que tipo de estudos ten Vde.?

	Frecuencia	Porcentaxe
Primarios	61	7,6
Secundarios	110	13,8
FP Ciclo Medio	69	8,6
FP Ciclo Superior	158	19,8
Bacharelato	79	9,9
Diplomatura	97	12,1
Licenciatura	217	27,1
Doutorado	9	1,1
Total	800	100,0

Fonte: Elaboración propia



Cambiado agora de tema e falando da formación en xeral, podería indicarme que tipo de estudos ten Vde.?

	Frecuencia	Porcentaxe
1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	171	21,4
2º Ciclo (Bach./COU/FP)	306	38,3
3º Ciclo (Universitarios)	323	40,4
Total	800	100,0

Fonte: Elaboración propia



Como se pode comprobar na táboa da esquerda, as oito categorías do nivel de estudo foron recodificadas en tres, tanto como elemento de resumo desta variable, como, especialmente para facilitar o uso do nivel de estudo como variable de segmentación a empregar na análise da información aportada polo estudo, pois todas as variables que caracterizan o perfil do entrevistado serán empregadas como variables de cruce que contribúan a explicar os datos obtidos.

II. FORMACIÓN ESPECÍFICA EN HOSTALERÍA

II.1. Formación específica

PESE A UN CONSIDERABLE NIVEL DE FORMACIÓN XERAL, PRETO DA METADE DOS ENQUISADOS CARECE DE FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA A HOSTALERÍA

A FORMACIÓN ESPECÍFICA MÁIS HABITUAL NON PASA DA MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS (22,5%)

E, ten Vde. algún tipo de formación específica no sector da Hostalería? Se a resposta é afirmativa, cal é a súa formación máis importante?

	Frecuencia	Porcentaxe
Si, formación reglada oficial de Ciclo Medio ou superior	112	14,0
Si, formación e certificados de profesionalidade	51	6,4
Si, outra formación non reglada	83	10,4
Só manipulación de alimentos	180	22,5
Non	374	46,8
Total	800	100,0

Fonte: Elaboración propia



Se, como se observou ao fío da descrición dos enquisados, no capítulo anterior, a mostra de estudo se compuxo de persoas cun nivel formativo en xeral elevado, non ocorre o mesmo no que atinxe á formación específica para o sector hostaleiro. Así o amosan os datos da presente variable, segundo os cales, o 46,8% dos enquisados neste estudo carece de formación específica para o sector da Hostalería. Conta, por tanto, con formación específica o 53,2% restante.

Pero, atendendo ao tipo de formación máis habitual entre aqueles que si a posúen, obsérvase que a máis citada é a dirixida á manipulación de alimentos, sinalada por un 22,5% dos enquisados (cómpre lembrar que se trata dunha formación esixida legalmente para o desempeño de boa parte dos postos no sector).

Polo demais, un 14% dispón de formación regrada oficial e só un 6,4% de formación e certificados de profesionalidade. O 10,4% restante dos enquisados fixo algún outro tipo de formación específica non regrada.

Así as cousas poderíase falar dunha sobrecualificación en canto ao nivel de estudos en xeral (a formación xeral máis frecuente é a universitaria, cun 40,4%), pero tamén dunha infracualificación en canto á formación específica para o sector, pois un 46,8% dos enquisados carece de dita formación e só un 30,8% ten formación máis alá da manipulación de alimentos, o mínimo legal esixido para traballar en determinados postos.

A táboa de segmentación permite comprobar que a carencia de formación é a resposta máis frecuente en todos os segmentos analizados con porcentaxes que oscilan entre o 37,7% e o 55,1%, ao tempo que entre quen só ten o carné de manipulación de alimentos (formación esixida legalmente para moitos postos do sector), é a segunda más frecuente en todos agás en catro segmentos. No extremo contrario, os únicos segmentos con porcentaxes de enquisados con formación regrada oficial superiores ao 20% son o dos que cursaron estudos de segundo ciclo (incluída a FP) cun 23,5%, e o dos que levan máis da metade da súa vida laboral no sector (23,8%).

Máis polo miúdo e atendendo aos cruces máis significativos cabe sinalar que a segmentación en función do nivel de estudos amosa que a sobrecualificación en canto a estudos en xeral vai vinculada con frecuencia a unha infracualificación en canto a formación específica no sector, pois son os titulados universitarios os que en menor medida teñen formación específica en Hostalería (55,1%) ao tempo que un 22% só se formou na manipulación de alimentos, polo que o 77,1% dos mesmos non ten formación ou só ten a referente á manipulación de alimentos fronte ao 11,1% de titulados universitarios que teñen formación regrada oficial. É entre os que realizaron estudos de segundo ciclo onde atopamos os maiores porcentaxes de formación regrada oficial (o xa citado 23,5%), non en van é aquí onde se atopan os titulados dos diversos ciclos relacionados coa Hostalería e o Turismo, pero tamén neste segmento se rexistra un 61,8% sen ningunha clase de formación específica (42,8%) ou só a de manipulación de alimentos (19%).

Non se atopan diferenzas significativas en relación ao sexo dos enquisados, e en relación coa idade pódese sinalar que nos dous tramos de máis de 40 anos é onde se atopan as maiores porcentaxes de enquisados con certificados de profesionalidade ou outra formación no regrada (con porcentaxes entre o 10,8% e o 14,9%).

Onde si se atopa certa relación é entre o feito de estar ou non traballando e a formación. Dese xeito, é entre os que están actualmente traballando onde se recolle a maior porcentaxe de formación regrada (17,7% vs. o 13,4% dos que traballaron pero agora están en paro e o 11,7% dos que buscan o seu primeiro emprego no sector). Se se atende ao outro lado da escala formativa, compróbase que entre os que teñen traballo actualmente a porcentaxe dos que non teñen formación ou só dispoñen do carné de manipulador de alimentos é do 56%, porcentaxe que se sitúa por riba do 72% nos outros dous segmentos.

A experiencia no sector tamén deixa sentir a súa influencia na formación, aínda que con menor forza do que cabía esperar, pois se ben se observan maiores porcentaxes de formación regrada entre os que levan máis da metade (23,8%) ou a metade (18,6%) da súa vida laboral na Hostalería que entre aqueles que levan un terzo ou menos (en torno ao 11%), mesmo entre os que centran a súa vida laboral neste sector se rexistran porcentaxes moi elevadas de enquisados sen ningunha formación específica (37,7% e 43,1%, respectivamente).

Finalmente resta sinalar que a carencia de formación é 11 puntos porcentuais máis elevada na rama de restaurantes e bares (51,2%) que na de aloxamentos e hoteis (40,1%).

		E, ten Vde. algún tipo de formación específica no sector da Hostalería? Se a resposta é afirmativa, cal é a súa formación máis importante?					
		Si, formación reglada oficial de Ciclos	Si, formación e certificados de profesionalidade	Si, outra formación non reglada	Só manipulación de alimentos	Non	Total
Sexo	Home	14,4	5,8	11,6	24,5	43,7	100,0
	Muller	13,8	6,7	9,8	21,4	48,4	100,0
	Total	14,0	6,4	10,4	22,5	46,8	100,0
Idade	Ata 25 anos	15,7	6,1	8,7	27,8	41,7	100,0
	26-30 anos	13,5	4,5	10,8	17,0	54,3	100,0
	31-35 anos	14,3	6,0	9,3	24,7	45,6	100,0
	36-40 anos	15,2	3,2	7,2	23,2	51,2	100,0
	41-45 anos	12,3	13,6	14,8	19,8	39,5	100,0
	Máis de 45 anos	12,2	10,8	14,9	27,0	35,1	100,0
	Total	14,0	6,4	10,4	22,5	46,8	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	2,3	14,0	15,8	29,8	38,0	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	23,5	4,2	10,5	19,0	42,8	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	11,1	4,3	7,4	22,0	55,1	100,0
	Total	14,0	6,4	10,4	22,5	46,8	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	17,7	9,1	17,1	16,0	40,0	100,0
	Si, traballei no pasado	13,4	6,3	8,2	20,5	51,6	100,0
	Non, pero estou buscando	11,7	3,7	9,3	35,2	40,1	100,0
	Total	14,0	6,4	10,4	22,5	46,8	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	23,8	5,7	17,2	15,6	37,7	100,0
	A metade da vida	18,6	7,8	7,8	22,5	43,1	100,0
	Un terzo ou menos da vida	10,9	7,2	9,4	19,6	52,9	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	11,7	3,7	9,3	35,2	40,1	100,0
	Total	14,0	6,4	10,4	22,5	46,8	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	11,7	4,9	7,6	21,2	54,5	100,0
	Entre 1 e 3 anos	13,2	8,3	10,3	23,0	45,1	100,0
	Entre 3 e 6 anos	14,4	4,2	14,4	18,6	48,3	100,0
	Máis de 6 anos	18,4	8,0	12,6	18,4	42,5	100,0
	Ns/Nc	12,5	5,0	7,5	57,5	17,5	100,0
	Total	14,0	6,4	10,4	22,5	46,8	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	12,7	6,0	9,0	21,1	51,2	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	15,3	9,6	13,0	22,0	40,1	100,0
	Outras actividades turísticas	19,2	4,0	12,1	18,2	46,5	100,0
	Ns/Nc	11,5	,0	11,5	69,2	7,7	100,0
	Total	14,0	6,4	10,4	22,5	46,8	100,0

Fonte: Elaboración propia

MÁIS DA METADE DOS ENQUISADOS CON FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA A HOSTALERÍA SINALA Á MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS COMO UNHA DAS SÚAS FORMACIÓNS MÁIS ELEVADAS NO SECTOR

UN 20,2% TEN FORMACIÓN DE CAMAREIRO E UN 13,9% DE COCIÑA

Cal é a súa formación máis importante? (RESPOSTA MÚLTIPLE)

	Frecuencia	Porcentaxe
Manipulación de alimentos	233	54,8
Camareiro/a / Auxiliar de camareiro/a / Barista / Coctelería	86	20,2
Cociña / Auxiliar de cociña	59	13,9
Hostalería / Restauración	38	8,9
Turismo	28	6,6
Camareiro/a de piso	14	3,3
Monitor/a de tiempo libre / Guía ou Animador/a turístico/a	11	2,6
Atención ao cliente	7	1,6
Repostería, pastelería	7	1,6
Axencia de viaxes	7	1,6
Prevención de risgos laborais	7	1,6
Marketing, marketing dixital, comercialización...	6	1,4
Recepcionista	6	1,4
Organización de eventos	5	1,2
Idiomas para hostalería ou turismo (esp. inglés)	4	,9
Outra formación	10	2,4
Ns/Nc	3	,7

Variable filtrada. Aplícase só a quen afirma ter formación específica no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia



Ao 53,2% dos enquisados que afirma ter formación específica para a Hostalería (425 persoas) preguntóuselle tamén polo tipo de formación concreta coa que contan. As presentes figuras permiten comprobar o claro predominio da formación para a manipulación de alimentos (xa apuntada na variable anterior), cun 54,8% dos enquisados que teñen formación específica. Xa a máis de 30 puntos porcentuais de distancia, figura en segundo lugar a formación para camareiro, auxiliar de camareiro, barista ou cocteleiro (20,2%) e, en terceiro, a formación en materia de cociña (13,9%). En cuarta posición sitúase a formación en Hostalería ou Restauración (8,9%) e en quinta a formación en Turismo (6,6%).

As demais respostas presentan porcentaxes de mención inferiores ao 4%.

AÍNDA QUE SÓ O 53,2% DOS ENQUISADOS CONTA CON FORMACIÓN ESPECÍFICA EN HOSTALERÍA, O 74,8% CONSIDÉRASE MOI OU BASTANTE CUALIFICADO PARA O SECTOR

Pensando agora en conxunto, diría Vde. que para o seu actual posto de traballo / último posto de traballo está moito, bastante, pouco ou nada cualificado?

	Frecuencia	Porcentaxe
Moi cualificado	120	18,8
Bastante cualificado	357	56,0
Pouco cualificado	110	17,2
Nada cualificado	40	6,3
Ns/Nc	11	1,7
Total	638	100,0

Variable filtrada: aplícase só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia



Aínda que as anteriores variables deste capítulo revelaban que só o 52,3% dos enquisados conta con formación específica para a Hostalería (incluíndo a un 22,5% que non pasa da formación en manipulación de alimentos), o 74,8% considérase moi ou bastante cualificado para o seu posto actual na Hostalería ou para o último que desempeñou no sector (un 18,8% séntese moi cualificado e un 56% séntese bastante cualificado).

Deste xeito, só o 23,5% se considera insuficientemente formado para desempeñar o seu posto na Hostalería (un 17,2% declárase pouco cualificado e un 6,3% nada cualificado). O 1,7% restante dos enquisados non soubo ou non quixo responder a esta cuestión.

Este contraste entre a realidade formativa dos enquisados (na que só o 52,3% conta con formación específica, sendo a máis habitual a esixida legalmente para poder manipular alimentos) e o predominio dunha valoración positiva dos propios traballadores sobre a súa cualificación parece evidenciar que ao xuízo destes últimos o sector non amosa grandes esixencias formativas ou que estas se fundamentan especialmente na experiencia. A análise das restantes variables deste capítulo arroxará certa luz sobre esta cuestión, pero non se debe esquecer que o 23,5% dos enquisados con experiencia no sector recoñecen abertamente estar pouco cualificados.

A autopercepción positiva da propia cualificación para o desempeño das tarefas ligadas ao posto de traballo é maioritaria en todo os segmentos analizados, con porcentaxes sempre superiores ao 60% e que nalgúns casos mesmo se sitúan en torno ao 90%. Como cabía esperar a formación específica e a experiencia no sector son os factores con maior incidencia nesa autopercepción positiva da cualificación.

No que respecta á formación específica no sector, o 87,1% dos que teñen formación regrada oficial autopercíbense como bastante (62,4%) ou moi (24,7%) cualificados, e só o 6,5% se valora negativamente (os restantes niveis formativos presentan porcentaxes superiores ao 20%). A medida que descendemos no grao de formación específica comprobamos que tamén se reducen as porcentaxes dos que se consideran moi ou bastante cualificados, situándose no 71,3% os que só teñen formación en manipulación de alimentos e no 71,5% aqueles que carecen de formación específica no sector.

A autopercepción da cualificación está tamén directamente ligada ao tempo de experiencia laboral no sector. Así, canta máis experiencia se ten na Hostalería maior sensación se ten de estar ben cualificado: o 91% dos que levan máis da metade da súa vida traballando no sector opinan que están bastante ou moi cualificados, seguidos polo 86,3% dos que levan a metade da mesma na Hostalería, cifra que baixa ao 67,1% dos que só levan un terzo. Entre estes últimos a porcentaxe dos que se cren pouco ou nada cualificados ascende ao 30,9%.

Algo semellante acontece en relación ao tempo que levan traballando ou buscando emprego na Hostalería. Neste caso obsérvase unha clara diferenciación a partir dos tres anos de experiencia no sector. Nos dous segmentos con menor experiencia as autopercepcións positivas sitúanse entre o 64% e o 69% e as negativas roldan o 30% (chegan a acadar o 34,5% entre os que levan menos dun ano), mentres no caso dos que levan máis de tres anos as autopercepcións positivas sitúanse entorno ao 86% e as negativas non pasan do 13,2%.

Finalmente, ao observar a rama na que se traballa ou busca emprego compróbase que "Outras actividades turísticas" é a que ten unha porcentaxe máis elevada de enquisados que se senten moi ou bastante cualificados (89,4%), seguidos de "Aloxamentos e Hoteis" (80,9%) e, por último, de "Restaurantes e Bares" (70,8%). Precisamente entre estes a porcentaxe dos que se senten pouco ou nada cualificados medra ate o 27,9%.

En todo caso, e a pesar do claro predominio das autopercepcións positivas, a táboa amosa tamén a existencia de claras bolsas de infracualificación, pois non debemos esquecer que o 14,3% dos enquisados que están traballando actualmente perciben carencias na súa cualificación para o posto que ocupan neste momento, o que tamén ocorre co 11,5% dos enquisados con máis de 6 anos de experiencia no sector. Esta infracualificación semella ser máis frecuente no ámbito dos bares e restauración, onde un 27,9% dos enquisados con experiencia na área se declara abertamente pouco cualificado (un 16,7% na rama de aloxamentos e hoteis).

		Pensando agora en conxunto, diría Vde. que para o seu actual posto de traballo / último posto de traballo está moito, bastante, pouco ou nada cualificado?					
		Moi cualificado	Bastante cualificado	Pouco cualificado	Nada cualificado	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	18,8	58,9	17,0	3,6	1,8	100,0
	Muller	18,8	54,3	17,4	7,7	1,7	100,0
	Total	18,8	56,0	17,2	6,3	1,7	100,0
Idade	Ata 25 anos	10,1	68,5	14,6	5,6	1,1	100,0
	26-30 anos	20,3	52,6	19,8	5,7	1,6	100,0
	31-35 anos	20,3	51,0	18,2	8,4	2,1	100,0
	36-40 anos	19,6	62,9	12,4	5,2	,0	100,0
	41-45 anos	19,4	51,6	19,4	4,8	4,8	100,0
	Máis de 45 anos	21,8	52,7	16,4	7,3	1,8	100,0
	Total	18,8	56,0	17,2	6,3	1,7	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	13,9	60,6	19,0	5,8	,7	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	21,8	54,3	15,2	5,3	3,3	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	18,6	55,0	18,2	7,4	,8	100,0
	Total	18,8	56,0	17,2	6,3	1,7	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	24,7	62,4	6,5	,0	6,5	100,0
	Certificados de profesionalidade	24,4	55,6	17,8	2,2	,0	100,0
	Outra non reglada	24,2	51,6	17,7	4,8	1,6	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	13,2	58,1	18,6	8,5	1,6	100,0
	Sen formación específica	17,5	54,0	19,7	8,1	,6	100,0
	Total	18,8	56,0	17,2	6,3	1,7	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	26,3	58,3	11,4	2,9	1,1	100,0
	Si, traballei no pasado	16,0	55,1	19,4	7,6	1,9	100,0
	Non, pero estou buscando	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	18,8	56,0	17,2	6,3	1,7	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	29,5	61,5	6,6	,8	1,6	100,0
	A metade da vida	25,5	60,8	10,8	2,0	1,0	100,0
	Un terzo ou menos da vida	14,0	53,1	22,0	8,9	1,9	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	18,8	56,0	17,2	6,3	1,7	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	11,2	53,4	24,8	9,7	1,0	100,0
	Entre 1 e 3 anos	18,6	49,7	19,9	8,7	3,1	100,0
	Entre 3 e 6 anos	17,0	68,9	10,4	2,8	,9	100,0
	Máis de 6 anos	29,7	57,0	9,7	1,8	1,8	100,0
	Ns/Nc	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	18,8	56,0	17,2	6,3	1,7	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	17,3	53,5	20,9	7,0	1,3	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	20,6	60,3	11,9	4,8	2,4	100,0
	Outras actividades turísticas	24,2	65,2	3,0	4,5	3,0	100,0
	Ns/Nc	100,0	,0	,0	,0	,0	100,0
	Total	18,8	56,0	17,2	6,3	1,7	100,0

Variable filtrada: aplícase só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia

O 26,4% DOS ENQUISADOS QUE CONTAN CON FORMACIÓN ESPECÍFICA NO SECTOR DA HOSTALERÍA REALIZOU ALGÚN CURSO FORMATIVO NO ÚLTIMO ANO

Realizou Vde. algún curso formativo no sector da Hostalería durante o último ano?

	Frecuencia	Porcentaxe
Si	112	26,4
Non	313	73,6
Total	425	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen conta con formación específica no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia

Aos 425 enquisados que contan con algún tipo de formación específica no sector da Hostalería preguntóuselle se realizaron algún curso formativo específico no último ano. Como se pode observar, só o 26,4% (112 persoas) responderon afirmativamente. Se temos en conta ao conxunto dos enquisados esta porcentaxe fica no 14%.

Entre as materias sobre as que versaron os cursos realizados por esas 112 persoas volven a destacar os relacionados coa manipulación de alimentos (47,3%). A case 30 puntos porcentuais de distancia figuran en segunda posición os cursos relacionados coa cociña (17,9%) e, en terceira, os relacionados coas funcións de camareiro (11,6%). A continuación sitúanse os cursos formativos para camareiro de piso (7,1%), os cursos sobre turismo (6,3%) e os relativos ao aloxamento hoteleiro (5,4%). As demais materias obtiveron porcentaxes de mención inferiores ao 5% (foron citadas por 4 persoas ou menos).

Que curso/s formativo/s no sector da Hostalería realizou Vde. durante o último ano? (RESPOSTA MÚLTIPLE)

	Frecuencia	Porcentaxe
Manipulación de alimentos	53	47,3
Cociña / Auxiliar de cociña	20	17,9
Camareiro/a / Auxiliar de camareiro/a / Barista / Coctelería	13	11,6
Camareiro/a de piso	8	7,1
Turismo	7	6,3
Aloxamento hoteleiro	6	5,4
Monitor/a de tempo libre	4	3,6
Prevención de riscos laborais	3	2,7
Hostalería	3	2,7
Axencias de viaxes	2	1,8
Outros cursos formativos	3	2,7
Ns/Nc	3	2,7

Variable filtrada. Aplícase só a quen afirma ter formación específica no se da Hostalería e fixo algún curso formativo ao longo do último ano
Fonte: Elaboración propia



		Realizou Vde. algún curso formativo no sector da Hostalería durante o último ano?		
		Si	Non	Total
Sexo	Home	26,9	73,1	100,0
	Muller	26,0	74,0	100,0
	Total	26,4	73,6	100,0
Idade	Ata 25 anos	44,8	55,2	100,0
	26-30 anos	21,6	78,4	100,0
	31-35 anos	26,3	73,7	100,0
	36-40 anos	31,1	68,9	100,0
	41-45 anos	20,8	79,2	100,0
	Máis de 45 anos	10,4	89,6	100,0
	Total	26,4	73,6	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	25,7	74,3	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	31,4	68,6	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	20,7	79,3	100,0
	Total	26,4	73,6	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	31,3	68,8	100,0
	Certificados de profesionalidade	34,0	66,0	100,0
	Outra non reglada	20,8	79,2	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	23,7	76,3	100,0
	Sen formación específica	,0	,0	,0
	Total	26,4	73,6	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	36,2	63,8	100,0
	Si, traballei no pasado	23,8	76,2	100,0
	Non, pero estou buscando	21,6	78,4	100,0
	Total	26,4	73,6	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	25,0	75,0	100,0
	A metade da vida	25,9	74,1	100,0
	Un terzo ou menos da vida	29,4	70,6	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	21,6	78,4	100,0
	Total	26,4	73,6	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	34,2	65,8	100,0
	Entre 1 e 3 anos	28,8	71,2	100,0
	Entre 3 e 6 anos	23,0	77,0	100,0
	Máis de 6 anos	22,0	78,0	100,0
	Ns/Nc	9,1	90,9	100,0
	Total	26,4	73,6	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	28,9	71,1	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	22,6	77,4	100,0
	Outras actividades turísticas	30,2	69,8	100,0
	Ns/Nc	8,3	91,7	100,0
	Total	26,4	73,6	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen conta con formación específica no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia

A non realización de cursos de formación no último ano é a tónica habitual en todos os segmentos analizados, se ben se volven a observar notables contrastes entre os distintos segmentos, especialmente en función da idade do enquisado.

Así, é entre os enquisados máis novos onde se atopa a porcentaxe máis alta dos que si fixeron algún curso no 2015, un 44,8%, porcentaxe que non pasa do 10,4% entre os de 45 ou máis anos.

O grao de formación específica no sector tamén se fai notar, de xeito tal que entre os que teñen formación regrada ou certificados de profesionalidade as porcentaxes de realización de cursos superan o 30% (31,3% e 34% respectivamente), mentres nos dous niveis máis baixos se sitúan entre o 20,8% e o 23,7%.

O feito de estar traballando actualmente tamén semella marcar a diferencia neste punto, pois o 36,2% dos que traballan realizou cursos no 2015, porcentaxe que nos outros dous segmentos se sitúa entre o 21,6% e o 23,8%.

SÓ UN DE CADA TRES ENQUISADOS QUE CONTA CON FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA A HOSTALERÍA CONSIDERA QUE ESTA LLE FOI MOI OU BASTANTE ÚTIL PARA ATOPAR TRABALLO

Ata que punto diría Vde. que a formación específica que recibiu ao longo da súa vida lle serviu á hora de atopar traballo no sector (moito, bastante, pouco ou nada)?

	Frecuencia	Porcentaxe
Moito	47	11,1
Bastante	99	23,3
Pouco	101	23,8
Nada	159	37,4
Ns/Nc	19	4,5
Total	425	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen conta con formación específica no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia



Só o 34,4% dos entrevistados que conta con formación específica para o sector hostaleiro considera que dita formación lle foi moi ou bastante útil para atopar traballo na Hostalería (o 11,1% cre que lle foi moi útil e o 23,3% que lle foi bastante útil). Xa que logo, a porcentaxe dos que emiten unha valoración negativa respecto da utilidade da súa formación para atopar emprego é do 61,2%. O 4,5% restante optou polo "Non sabe / Non contesta".

Como se pode observar, máis de 6 de cada 10 enquisados con formación específica non a ve útil para conseguir emprego (o 23,8% considéraa pouco útil neste senso e un 37,4% nada útil), o que volve a suxerir a idea de que o sector non ofrece grandes esixencias formativas aos traballadores, ou así o entenden eles, polo menos á hora de acceder ao posto de traballo. A relativamente baixa utilidade outorgada á formación á hora de atopar traballo tamén pode estar relacionada coa prevalencia das canles informais como principal vía para a procura de traballo pois, como se verá posteriormente, os medios propios (amigos, familia, redes sociais) son percibidos como a principal vía de acceso ao posto de traballo, polo que dende esta óptica xa non se trata do "que sabes facer" senón de "a quen coñeces".

A táboa de cruces permite comprobar como esta tendencia xeral a considerar a formación como pouco ou nada útil presenta tres claras excepcións: os enquisados que actualmente están traballando (51,4% de valoracións positivas fronte a un 41,9% de negativas), os que contan con formación regrada (49,1% vs. 42%) e, nunha posición máis equilibrada, os que levan máis da metade da súa vida laboral neste sector (47,4% vs. 48,7%). En todos os demais segmentos predominan claramente as visións negativas con porcentaxes que mesmo chegan a superar o 70%.

As tres excepcións que vimos de comentar son indicativas das variables como maior influencia neste punto. Así, o feito de estar traballando ou ter traballado no sector resulta determinante á hora de responder a esta cuestión. Como é lóxico, é entre os que nunca traballaron no sector pero realizaron formación e están buscando emprego na Hostalería onde atopamos a porcentaxe máis elevada dos que consideran que a formación lles servíu pouco ou nada para atopar traballo (79,3%). Entre eles só un 17,5% considera esta formación de utilidade para o acceso ao emprego. Por contra, como xa indicamos, entre os que actualmente traballan son maioría os que fan a lectura positiva (51,6%), porcentaxe que se sitúa nunha posición intermedia (36%) entre os que traballaron anteriormente pero agora están en paro.

O nivel formativo tamén resulta claramente relevante, pois a maior formación maior é a utilidade que se lle atribúe a esta á hora de atopar traballo, pasando dun 49,1% entre os que dispoñen de formación regrada a un 23,7% entre os que só fixeron cursos de manipulación de alimentos.

Polo demais, cabe indicar que non hai diferenzas salientables por ramas dentro da hostaleira, pois as valoracións positivas da formación na procura de emprego son do 36,8% na rama de restaurantes e bares e do 34,9% na de aloxamentos e hoteis.

		Ata que punto diría Vde. que a formación específica que recibiu ao longo da súa vida lle serviu á hora de atopar traballo no sector (moito, bastante, pouco ou nada)?					
		Moito	Bastante	Pouco	Nada	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	11,5	21,8	22,4	38,5	5,8	100,0
	Muller	10,8	24,2	24,5	36,8	3,7	100,0
	Total	11,1	23,3	23,8	37,4	4,5	100,0
Idade	Ata 25 anos	10,4	26,9	23,9	29,9	9,0	100,0
	26-30 anos	12,7	25,5	22,5	36,3	2,9	100,0
	31-35 anos	13,1	20,2	23,2	41,4	2,0	100,0
	36-40 anos	9,8	19,7	26,2	41,0	3,3	100,0
	41-45 anos	10,4	12,5	29,2	39,6	8,3	100,0
	Máis de 45 anos	6,3	35,4	18,8	35,4	4,2	100,0
	Total	11,1	23,3	23,8	37,4	4,5	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	9,5	24,8	19,0	41,0	5,7	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	14,3	23,4	30,9	28,0	3,4	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	8,3	22,1	18,6	46,2	4,8	100,0
	Total	11,1	23,3	23,8	37,4	4,5	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	21,4	27,7	21,4	20,5	8,9	100,0
	Certificados de profesionalidade	12,0	24,0	24,0	38,0	2,0	100,0
	Outra non reglada	11,7	26,0	22,1	37,7	2,6	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	4,3	19,4	25,8	47,3	3,2	100,0
	Sen formación específica	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	11,1	23,3	23,8	37,4	4,5	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	19,0	32,4	14,3	27,6	6,7	100,0
	Si, traballei no pasado	11,7	22,0	26,5	35,9	4,0	100,0
	Non, pero estou buscando	1,0	16,5	27,8	51,5	3,1	100,0
	Total	11,1	23,3	23,8	37,4	4,5	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	17,1	30,3	22,4	26,3	3,9	100,0
	A metade da vida	19,0	19,0	17,2	39,7	5,2	100,0
	Un terzo ou menos da vida	11,3	25,3	24,2	34,0	5,2	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	1,0	16,5	27,8	51,5	3,1	100,0
	Total	11,1	23,3	23,8	37,4	4,5	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	7,5	22,5	21,7	41,7	6,7	100,0
	Entre 1 e 3 anos	15,3	19,8	20,7	39,6	4,5	100,0
	Entre 3 e 6 anos	11,5	34,4	23,0	27,9	3,3	100,0
	Máis de 6 anos	14,0	23,0	27,0	33,0	3,0	100,0
	Ns/Nc	,0	18,2	33,3	45,5	3,0	100,0
	Total	11,1	23,3	23,8	37,4	4,5	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	10,7	26,0	23,6	34,7	5,0	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	14,2	20,8	21,7	40,6	2,8	100,0
	Outras actividades turísticas	9,4	22,6	22,6	37,7	7,5	100,0
	Ns/Nc	4,2	8,3	37,5	50,0	,0	100,0
	Total	11,1	23,3	23,8	37,4	4,5	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen conta con formación específica no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia

A MAIORÍA DOS ENQUISADOS (53,4%) CON FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA A HOSTALERÍA E EXPERIENCIA LABORAL CALIFICA A FORMACIÓN RECIBIDA COMO MOI OU BASTANTE ÚTIL PARA O DESEMPEÑO DIARIO DO SEU POSTO DE TRABALLO

E en que medida lle foi útil no desenvolvemento diario do seu actual traballo / último traballo (moito, bastante, pouco ou nada)?

	Frecuencia	Porcentaxe
Moito	56	17,1
Bastante	119	36,3
Pouco	69	21,0
Nada	68	20,7
Ns/Nc	16	4,9
Total	328	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen conta con formación específica no sector da Hostalería e con experiencia laboral
Fonte: Elaboración propia



Aínda que non predomine entre os enquisados a sensación de que a súa formación específica fose útil para conseguir un posto traballo si o fai a idea de que dita formación é de utilidade para o desempeño diario das tarefas do seu posto. Así, un 53,4% dos que contan con formación específica e experiencia laboral responde que esta lle é moi ou bastante útil no desenvolvemento do seu traballo actual ou o foi no seu último traballo no sector (un 17,1% considéraa moi útil e un 36,3% bastante útil).

En canto aos que emiten unha valoración negativa, as respostas están moi divididas entre o "pouco" e o "nada" útil (21% e 20,7%, respectivamente). Un 4,9% destes enquisados con formación específica e experiencia laboral non soubo xulgar a utilidade da súa formación para o desenrolo das tarefas do seu posto.

O contraste entre estes datos e os da variable anterior e as dúas seguintes semellan indicar que, cando menos dende a óptica dos traballadores, a formación específica é máis valorada polos propios profesionais para o seu desempeño diario que como unha vía para a procura de ascensos ou incrementos salariais.

A táboa de cruces pon de manifesto como na práctica totalidade dos segmentos analizados se impón a visión positiva da utilidade da formación para o desenvolvemento diario do traballo. As únicas excepcións atopámolas entre os que teñen como máxima formación no sector a manipulación de alimentos (42,6% de valoracións positivas vs. 52,7% de valoracións negativas) e os que traballan, traballaban ou buscan emprego en "Outras actividades turísticas" (43,2% de positivas vs. 51,3% de negativas).

Así as cousas, a formación específica de que dispoñen os entrevistados configurase como unha das principais variables explicativas, pois entre os enquisados que teñen formación específica e experiencia laboral destacan pola súa valoración positiva os que contan cunha formación regrada (65,6%). Estas porcentaxes tamén superan o 50% entre os que posúen certificados de profesionalidade ou outra formación non regrada (59,1% e 53,2% respectivamente), pero baixa ao 42,6% no nivel inferior.

Tamén se observa relación entre a valoración da utilidade para o desempeño diario e a súa experiencia profesional no sector, pois canto maior é o tempo de vida profesional na Hostalería maior é tamén o grao de utilidade sinalado, pasando do 46,1% dos que levan menos dun ano ao 60% dos que levan máis de 6.

Non hai diferenzas salientables entre as dúas ramas principais da Hostalería, pois as valoracións positivas da formación no desempeño diario son practicamente idénticas (54,4% na rama de restaurantes e bares e do 54,7% na de aloxamentos e hoteis), pero estas cifras contrastan coas porcentaxes das outras actividades turísticas onde, como xa se indicou máis arriba, a visión positiva (43,2%) fica por debaixo da negativa (51,3%).

.

		E en que medida lle foi útil no desenvolvemento diario do seu actual traballo / último traballo (moito, bastante, pouco ou nada)?					
		Moito	Bastante	Pouco	Nada	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	16,3	35,8	20,3	22,0	5,7	100,0
	Muller	17,6	36,6	21,5	20,0	4,4	100,0
	Total	17,1	36,3	21,0	20,7	4,9	100,0
Idade	Ata 25 anos	15,7	37,3	23,5	15,7	7,8	100,0
	26-30 anos	16,9	39,8	18,1	21,7	3,6	100,0
	31-35 anos	18,5	30,9	23,5	24,7	2,5	100,0
	36-40 anos	12,8	38,3	21,3	21,3	6,4	100,0
	41-45 anos	25,0	38,9	13,9	16,7	5,6	100,0
	Máis de 45 anos	13,3	33,3	26,7	20,0	6,7	100,0
	Total	17,1	36,3	21,0	20,7	4,9	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	16,5	39,2	16,5	20,3	7,6	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	22,7	38,6	18,9	15,9	3,8	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	11,1	31,6	26,5	26,5	4,3	100,0
	Total	17,1	36,3	21,0	20,7	4,9	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	24,7	40,9	19,4	8,6	6,5	100,0
	Certificados de profesionalidade	27,3	31,8	13,6	25,0	2,3	100,0
	Outra non reglada	12,9	40,3	21,0	21,0	4,8	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	10,1	32,6	24,8	27,9	4,7	100,0
	Sen formación específica	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	17,1	36,3	21,0	20,7	4,9	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	23,8	40,0	18,1	13,3	4,8	100,0
	Si, traballei no pasado	13,9	34,5	22,4	24,2	4,9	100,0
	Non, pero estou buscando	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	17,1	36,3	21,0	20,7	4,9	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	25,0	31,6	25,0	14,5	3,9	100,0
	A metade da vida	13,8	41,4	19,0	22,4	3,4	100,0
	Un terzo ou menos da vida	14,9	36,6	20,1	22,7	5,7	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	17,1	36,3	21,0	20,7	4,9	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	11,2	34,8	20,2	23,6	10,1	100,0
	Entre 1 e 3 anos	19,8	33,7	24,4	17,4	4,7	100,0
	Entre 3 e 6 anos	17,2	36,2	24,1	22,4	,0	100,0
	Máis de 6 anos	20,0	40,0	16,8	20,0	3,2	100,0
	Ns/Nc	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	17,1	36,3	21,0	20,7	4,9	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	17,7	36,7	20,0	20,5	5,1	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	18,7	36,0	22,7	18,7	4,0	100,0
	Outras actividades turísticas	10,8	32,4	24,3	27,0	5,4	100,0
	Ns/Nc	,0	100,0	,0	,0	,0	100,0
	Total	17,1	36,3	21,0	20,7	4,9	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen conta con formación específica no sector da Hostalería e con experiencia laboral
Fonte: Elaboración propia

O 72,3% DOS ENQUISADOS QUE CONTAN CON FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA A HOSTALERÍA E EXPERIENCIA LABORAL NO SECTOR CONSIDERAN QUE ESTA SERVIU POUCO OU NADA PARA ASCENDER NO SEU ACTUAL OU ÚLTIMO TRABALLO

EN SENSO POSITIVO UN 22,5% VINCULA O SEU ASCENSO A UNHA MELLORA NA SÚA FORMACIÓN

E ata que punto lle serviu para ascender no seu actual traballo / último traballo (moito, bastante, pouco ou nada)?

	Frecuencia	Porcentaxe
Moito	24	7,3
Bastante	50	15,2
Pouco	61	18,6
Nada	176	53,7
Ns/Nc	17	5,2
Total	328	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen conta con formación específica no sector da Hostalería e con experiencia laboral
Fonte: Elaboración propia



Entre os enquisados que contan con formación específica para a Hostalería a opinión maioritaria indica que dita formación serve pouco ou nada para promocionar laboralmente (72,3%). Así, cren que lle serviu "pouco" para ascender no seu actual posto no sector (ou no último ata o momento) o 18,6% destes entrevistados, porcentaxe que se eleva considerablemente, ata o 53,7%, na categoría negativa máis absoluta, o "nada".

A porcentaxe dos que emiten unha valoración positiva ao respecto, considerando que a formación específica lle foi de axuda para ascender, é do 22,5% (o 15,2% di que serviu bastante para ascender, e o 7,3% di que lle serviu moito).

Un 5,2% destes enquisados optou polo "Ns/Nc".

A análise por segmentos permite comprobar como a percepción de que a formación é de pouca ou ningunha utilidade para ascender é nesta ocasión maioritaria en todos os segmentos analizados, con porcentaxes sempre superiores aos 55% e que mesmo chegan a superar o 80%.

En todo caso, e como acontece co resto de percepcións sobre a utilidade da formación, cabe sinalar que existen diferenzas salientables en función de determinadas variables de cruce, fundamentalmente en relación á formación específica no sector, e ás dúas relacionadas coa experiencia (o tempo de traballo e o tempo de vida laboral no sector). Deste xeito volve a ser entre os enquisados con formación regrada onde se rexistra a maior porcentaxe de enquisados que ven a utilidade da formación recibida para ascender no traballo (37,6%) se ben tamén entre estes son maioría os que afirman que lles resultou pouco ou nada útil (57%). Pola contra, e como cabía esperar, é entre os que só teñen formación específica en manipulación de alimentos onde a porcentaxe de respostas negativas acada o seu valor máis elevado (86,9%, por só un 7,8% de positivas).

En función do tempo de vida laboral dedicado ao traballo no sector tamén se observa unha tendencia clara, pois canto maior é aquel maior é tamén a utilidade atribuída á formación como factor favorecedor da promoción laboral, pasando dun 19,1% entre os que traballaron un terzo ou menos da súa vida laboral no sector ao 30,3% dos que levan máis da metade da súa vida nel.

Se atendemos aos anos de experiencia no sector comprobamos que as percepcións positivas se sitúan entre o 16,9% e o 18,6% nos dous tramos de menor experiencia mentres ascenden ao 30,5% entre os que levan máis de 6 anos no sector.

En relación á rama específica, a utilidade percibida da formación recibida para ascender no traballo é lixeiramente maior no ámbito dos bares e restaurantes (24,2%) que no dos aloxamentos (18,7%).

Finalmente cómpre referirse neste punto á segmentación por sexos, pois aínda que a diferenza non pasa dos 5 puntos porcentuais, pode ser sintomático que a porcentaxe de mulleres que non lle ven utilidade a formación para ascender sexa do 74,1% cando entre os homes é do 69,1%. Como acabamos de comentar non se trata dunha gran diferenza en termos cuantitativos, pero non pasaba dous puntos na outras dúas variables referidas á utilidade da formación e, como veremos, volverá a superar os 5 puntos cando se inquira pola influencia da formación na consecución dalgún incremento salarial.

		E ata que punto lle serviu para ascender no seu actual traballo / último traballo (moito, bastante, pouco ou nada)?					
		Moito	Bastante	Pouco	Nada	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	8,1	16,3	18,7	50,4	6,5	100,0
	Muller	6,8	14,6	18,5	55,6	4,4	100,0
	Total	7,3	15,2	18,6	53,7	5,2	100,0
Idade	Ata 25 anos	2,0	15,7	15,7	56,9	9,8	100,0
	26-30 anos	9,6	20,5	21,7	44,6	3,6	100,0
	31-35 anos	3,7	9,9	16,0	67,9	2,5	100,0
	36-40 anos	8,5	12,8	21,3	48,9	8,5	100,0
	41-45 anos	13,9	11,1	22,2	50,0	2,8	100,0
	Máis de 45 anos	10,0	23,3	13,3	46,7	6,7	100,0
	Total	7,3	15,2	18,6	53,7	5,2	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	7,6	11,4	20,3	50,6	10,1	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	11,4	21,2	19,7	44,7	3,0	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	2,6	11,1	16,2	65,8	4,3	100,0
	Total	7,3	15,2	18,6	53,7	5,2	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	14,0	23,7	20,4	36,6	5,4	100,0
	Certificados de profesionalidade	13,6	13,6	15,9	50,0	6,8	100,0
	Outra non reglada	6,5	21,0	27,4	41,9	3,2	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	,8	7,0	14,0	72,9	5,4	100,0
	Sen formación específica	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	7,3	15,2	18,6	53,7	5,2	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	11,4	23,8	15,2	43,8	5,7	100,0
	Si, traballei no pasado	5,4	11,2	20,2	58,3	4,9	100,0
	Non, pero estou buscando	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	7,3	15,2	18,6	53,7	5,2	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	11,8	18,4	22,4	43,4	3,9	100,0
	A metade da vida	5,2	19,0	19,0	50,0	6,9	100,0
	Un terzo ou menos da vida	6,2	12,9	17,0	58,8	5,2	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	7,3	15,2	18,6	53,7	5,2	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	5,6	11,2	14,6	59,6	9,0	100,0
	Entre 1 e 3 anos	5,8	12,8	15,1	59,3	7,0	100,0
	Entre 3 e 6 anos	6,9	17,2	25,9	50,0	,0	100,0
	Máis de 6 anos	10,5	20,0	21,1	45,3	3,2	100,0
	Ns/Nc	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	7,3	15,2	18,6	53,7	5,2	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	7,4	16,7	19,5	51,6	4,7	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	8,0	10,7	16,0	58,7	6,7	100,0
	Outras actividades turísticas	5,4	13,5	18,9	56,8	5,4	100,0
	Ns/Nc	,0	100,0	,0	,0	,0	100,0
	Total	7,3	15,2	18,6	53,7	5,2	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen conta con formación específica no sector da Hostalería e con experiencia laboral
Fonte: Elaboración propia

PARA 8 DE CADA 10 ENQUISADOS CON FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA A HOSTALERÍA E EXPERIENCIA LABORAL NO SECTOR DITA FORMACIÓN SERVE POUCO OU NADA PARA ACADAR UN INCREMENTO SALARIAL

UN 14,4% SI CRE NA UTILIDADE DESTA PARA OBTER UNHA MELLORA SALARIAL

E, para acadar un incremento no seu salario (moito, bastante, pouco ou nada)?

	Frecuencia	Porcentaxe
Moito	13	4,0
Bastante	34	10,4
Pouco	56	17,1
Nada	209	63,7
Ns/Nc	16	4,9
Total	328	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen conta con formación específica no sector da Hostalería e con experiencia laboral
Fonte: Elaboración propia



Se ao xuízo maioritario dos enquisados a formación específica para a Hostalería servía pouco ou nada para conseguir emprego ou para ascender de posto, tampouco semellan confiar na súa utilidade para conseguir mellor salario. Así o expresa o 80,8% dos que contan con formación específica e experiencia laboral no sector, que cren que a formación específica coa que contan serve pouco ou nada para acadar un incremento salarial, destacando especialmente a porcentaxe dos que optan pola categoría máis negativa, o "nada" (63,7%, fronte ao 17,1% dos que optan polo "pouco").

En todo caso, cabe resaltar que un 14,4% destes enquisados si cre que a formación específica para a Hostalería favoreceu as súas posibilidades de mellora salarial.

O 4,9% restante non soubo ou non quixo responder a esta cuestión.

Ao igual que na variable anterior, a táboa de continxencias permite comprobar como a percepción de que a formación é de pouca ou ningunha utilidade para acadar un incremento salarial é maioritaria en todos os segmentos analizados, con porcentaxes que sempre superan o 70% e que mesmo chegan a situarse por riba do 85%.

Como acontece co resto de percepcións sobre a utilidade da formación, vólvense a atopar diferenzas salientables en función de determinadas variables de cruce, sendo de novo á formación específica no sector, e ás dúas relacionadas coa experiencia (o tempo de traballo, o tempo de vida laboral no sector) as variables de segmentación con maior influencia.

Unha vez máis é entre os enquisados que só teñen formación para a manipulación de alimentos onde a porcentaxe de respostas negativas acada o seu máximo expoñente (89,1% por só un 6,2% de positivas), pero non son agora os enquisados con formación regrada os que presentan a maior porcentaxe dos que que perciben a utilidade da formación obter unha mellora salarial (agora ocupan a segunda praza cun 20,4%), sendo os que obtiveron outra formación non regrada os que presentan a maior porcentaxe (24,2%).

En función do tempo traballado en relación á vida laboral vólvese a observar unha tendencia clara, pois canto maior é esta tamén é maior a utilidade percibida da formación recibida acadar o incremento salarial, pasando dun 12,4% entre os que traballaron un terzo ou menos da súa vida laboral no sector ao 18,4% dos que levan máis da metade da súa vida nel.

En relación aos anos de experiencia no sector a relación non é tan lineal como cando se analiza a utilidade da formación en relación a outro aspectos, pero si se atopan diferenzas entres os dous tramos de menor experiencia (valoracións positivas entorno ao 11,5%) e aqueles que levan máis de tres anos na Hostalería (cifras entre os 19% e o 16,8%).

Finalmente é preciso poñer de novo o foco na segmentación por sexos pois tamén aquí a porcentaxe de mulleres que non lle ven utilidade a formación para acadar unha mellora salarial (82,9%) é 5,7 puntos porcentuais á dos homes (77,2%). Se ben, como na variable anterior, a diferenza por sexos non é grande en termos cuantitativos, cómpre ter en consideración que tal diferenza no se producía ao analizar a utilidade da formación para acceder a un traballo ou no desempeño diario, e si ao falar de ascensos e de incrementos salariais polo que, aínda que sería preciso un estudo específico, é posible que estas diferenzas estean a indicar a existencia do fenómeno coñecido como “teito de cristal” e de “desigualdades salariais por sexo” no sector.

		E, para acadar un incremento no seu salario (moito, bastante, pouco ou nada)?					
		Moito	Bastante	Pouco	Nada	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	3,3	13,0	13,8	63,4	6,5	100,0
	Muller	4,4	8,8	19,0	63,9	3,9	100,0
	Total	4,0	10,4	17,1	63,7	4,9	100,0
Idade	Ata 25 anos	5,9	9,8	17,6	56,9	9,8	100,0
	26-30 anos	4,8	10,8	15,7	65,1	3,6	100,0
	31-35 anos	2,5	9,9	16,0	69,1	2,5	100,0
	36-40 anos	2,1	10,6	12,8	68,1	6,4	100,0
	41-45 anos	8,3	8,3	22,2	58,3	2,8	100,0
	Máis de 45 anos	,0	13,3	23,3	56,7	6,7	100,0
	Total	4,0	10,4	17,1	63,7	4,9	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	2,5	10,1	13,9	64,6	8,9	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	6,1	12,9	22,7	54,5	3,8	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	2,6	7,7	12,8	73,5	3,4	100,0
	Total	4,0	10,4	17,1	63,7	4,9	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	6,5	14,0	19,4	53,8	6,5	100,0
	Certificados de profesionalidade	4,5	6,8	22,7	61,4	4,5	100,0
	Outra non reglada	6,5	17,7	24,2	48,4	3,2	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	,8	5,4	10,1	79,1	4,7	100,0
	Sen formación específica	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	4,0	10,4	17,1	63,7	4,9	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	5,7	12,4	15,2	60,0	6,7	100,0
	Si, traballei no pasado	3,1	9,4	17,9	65,5	4,0	100,0
	Non, pero estou buscando	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	4,0	10,4	17,1	63,7	4,9	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	7,9	10,5	14,5	63,2	3,9	100,0
	A metade da vida	1,7	13,8	13,8	65,5	5,2	100,0
	Un terzo ou menos da vida	3,1	9,3	19,1	63,4	5,2	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	4,0	10,4	17,1	63,7	4,9	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	4,5	6,7	13,5	67,4	7,9	100,0
	Entre 1 e 3 anos	1,2	10,5	17,4	64,0	7,0	100,0
	Entre 3 e 6 anos	6,9	12,1	22,4	58,6	,0	100,0
	Máis de 6 anos	4,2	12,6	16,8	63,2	3,2	100,0
	Ns/Nc	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	4,0	10,4	17,1	63,7	4,9	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	3,3	10,2	16,7	65,1	4,7	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	5,3	10,7	16,0	62,7	5,3	100,0
	Outras actividades turísticas	5,4	10,8	21,6	56,8	5,4	100,0
	Ns/Nc	,0	,0	,0	100,0	,0	100,0
	Total	4,0	10,4	17,1	63,7	4,9	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen conta con formación específica no sector da Hostalería e con experiencia laboral
Fonte: Elaboración propia

MÁIS ALÁ DA UTILIDADE QUE LLE ATRIBÚEN PARA OS DISTINTOS ASPECTOS ANALIZADOS, 7 DE CADA 10 ENQUISADOS CON FORMACIÓN ESPECÍFICA DECLÁRANSE MOI OU BASTANTE SATISFEITOS COA FORMACIÓN RECIBIDA

En que medida (moito, bastante, pouco ou nada), está Vde. satisfeito coa formación recibida?

	Frecuencia	Porcentaxe
Moito	88	20,7
Bastante	209	49,2
Pouco	78	18,4
Nada	32	7,5
Ns/Nc	18	4,2
Total	425	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen conta con formación específica no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia



O 69,9% dos enquisados que contan con formación específica para a Hostalería está moi ou bastante satisfeito coa formación que adquiriu: o 20,7% considérase moi satisfeito e o 49,2% bastante satisfeito. Neste punto cabe lembrar que se ben a percepción maioritaria destes enquisados era que a formación específica coa que contaban servía pouco ou nada para atopar traballo e, no caso dos que, ademais, contan con experiencia laboral, que servía de pouco ou nada para ascender de posto ou obter unha mellora salarial, si lle atribuían de forma maioritaria moita ou bastante utilidade para desempeñar mellor as tarefas do traballo diario.

A percepción negativa é moi inferior en termos porcentuais, pero aínda así acada valores salientables, pois está pouco ou nada satisfeito coa formación específica recibida o 25,9% dos enquisados que contan con tal formación. Un 4,2% destes enquisados optou polo "Ns/Nc".

Así as cousas, e poñendo en relación o grao de satisfacción coa formación recibida e coa utilidade percibida da mesma, os datos indican que non se trata solo de mellorar a formación ofertada, senón tamén o uso, o aproveitamento que o sector fai dela.

		En que medida (moito, bastante, pouco ou nada), está Vde. satisfeito coa formación recibida?					
		Moito	Bastante	Pouco	Nada	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	23,1	44,2	18,6	8,3	5,8	100,0
	Muller	19,3	52,0	18,2	7,1	3,3	100,0
	Total	20,7	49,2	18,4	7,5	4,2	100,0
Idade	Ata 25 anos	22,4	55,2	17,9	,0	4,5	100,0
	26-30 anos	21,6	47,1	16,7	10,8	3,9	100,0
	31-35 anos	17,2	45,5	26,3	7,1	4,0	100,0
	36-40 anos	26,2	52,5	8,2	9,8	3,3	100,0
	41-45 anos	27,1	41,7	16,7	10,4	4,2	100,0
	Máis de 45 anos	10,4	56,3	20,8	6,3	6,3	100,0
	Total	20,7	49,2	18,4	7,5	4,2	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	21,9	48,6	19,0	3,8	6,7	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	21,7	50,9	18,3	6,3	2,9	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	18,6	47,6	17,9	11,7	4,1	100,0
	Total	20,7	49,2	18,4	7,5	4,2	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	25,0	53,6	13,4	3,6	4,5	100,0
	Certificados de profesionalidade	32,0	46,0	20,0	2,0	,0	100,0
	Outra non reglada	22,1	51,9	15,6	5,2	5,2	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	14,5	46,2	22,0	12,4	4,8	100,0
	Sen formación específica	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	20,7	49,2	18,4	7,5	4,2	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	22,9	45,7	20,0	4,8	6,7	100,0
	Si, traballei no pasado	21,5	48,0	19,3	7,6	3,6	100,0
	Non, pero estou buscando	16,5	55,7	14,4	10,3	3,1	100,0
	Total	20,7	49,2	18,4	7,5	4,2	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	25,0	44,7	14,5	9,2	6,6	100,0
	A metade da vida	13,8	55,2	20,7	5,2	5,2	100,0
	Un terzo ou menos da vida	23,2	45,9	21,1	6,2	3,6	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	16,5	55,7	14,4	10,3	3,1	100,0
	Total	20,7	49,2	18,4	7,5	4,2	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	22,5	43,3	16,7	11,7	5,8	100,0
	Entre 1 e 3 anos	18,0	55,0	20,7	2,7	3,6	100,0
	Entre 3 e 6 anos	27,9	42,6	21,3	6,6	1,6	100,0
	Máis de 6 anos	19,0	50,0	17,0	9,0	5,0	100,0
	Ns/Nc	15,2	60,6	15,2	6,1	3,0	100,0
	Total	20,7	49,2	18,4	7,5	4,2	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	21,5	48,3	18,2	6,6	5,4	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	22,6	43,4	18,9	13,2	1,9	100,0
	Outras actividades turísticas	17,0	56,6	20,8	1,9	3,8	100,0
	Ns/Nc	12,5	66,7	12,5	4,2	4,2	100,0
	Total	20,7	49,2	18,4	7,5	4,2	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen conta con formación específica no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia

A satisfacción coa formación específica recibida é claramente dominante en todos os segmentos analizados, con porcentaxes que só nun segmento baixan do 65% e que en moitos superan o 70%. As únicas variacións salientables prodúcense en función do tipo de formación específica recibida, sendo entres os enquisados que contan con formación regrada e os que obtiveron certificados de profesionalidade onde atopamos as maiores porcentaxes de satisfacción (78,6% e 78%, respectivamente). Esta porcentaxe sitúase no 74% entre os que posúen outra formación non regrada, pero caen ata o 60% entre os que só realizaron cursos de manipulación de alimentos.

PARA O 46,4% DOS ENQUISADOS A OFERTA FORMATIVA ESPECÍFICA NO SECTOR DA HOSTALERÍA É AXEITADA ÁS NECESIDADES DOS TRABALLADORES, IDEA COA QUE DISCREPA EN MAIOR OU MENOR MEDIDA OUTRO 34,9% DELES

Ata que punto cre Vde. que a oferta formativa específica no sector da Hostalería se adecúa ás necesidades dos traballadores (moito, bastante, pouco ou nada)?

	Frecuencia	Porcentaxe
Moito	58	7,3
Bastante	313	39,1
Pouco	209	26,1
Nada	70	8,8
Ns/Nc	150	18,8
Total	800	100,0

Fonte: Elaboración propia



Para o conxunto dos enquisados –con ou sen formación específica no sector hostaleiro e con independencia da experiencia laboral no sector-, a opinión sobre o grao de axuste entre a oferta hostaleira e as necesidades dos traballadores amósase dividida, aínda que predomina a visión positiva. Así, para un 46,4% a oferta é moi ou bastante adecuada (o 7,3% cre que moito e o 39,1% que bastante), mentres para o 34,9% dita oferta é pouco ou nada axeitada (para o 26,1% o é pouco e para o 8,8% o é nada).

Nesta variable, ademais, recóllese unha notable non resposta (o 18,8% opta polo "Ns/Nc" para responder), o que evidencia que boa parte dos entrevistados non ten unha posición clara ao respecto, porcentaxe que cabía esperar se temos en conta que boa parte dos enquisados non participaron en ningunha formación específica relacionada co sector e outros non teñen experiencia laboral no mesmo (entre os enquisados pertencentes a estes segmentos a non resposta supera o 23%).

Atendendo as diferentes variables de segmentación podemos observar como na práctica totalidade dos segmentos as opinións positivas acerca da adecuación da oferta formativa ás necesidades dos traballadores da Hostalería superan ás respostas negativas. As únicas excepcións atopámolas entre os que teñen entre 41 e 45 anos (o 39,5% pensa que aquela é moi ou bastante axeitada fronte ao 45,6% que opina que é pouco ou nada axeitada) e entre os que levan traballando ou buscando emprego no sector máis de 6 anos (as porcentaxes de resposta positiva e negativa son do 43,9% en ambos casos).

En todo caso, e como en toda a serie de indicadores sobre a formación, a variable que segmenta en función da formación especifica volve a ser a máis determinante, xa que a porcentaxe máis elevada de enquisados que din que a oferta formativa é bastante ou moi axeitada ás necesidades dos traballadores da Hostalería é a dos que teñen formación regrada (58,9%), cifra que se sitúa entorno ao 51% nos seguintes dous niveis e que xa baixa do 45% entre os que só fixeron cursos de manipulación de alimentos (44,1%) e os que carecen de formación específica no sector (42%).

Nesta ocasión tamén atopamos variacións significativas en función do nivel de estudos xeral, sendo entre os enquisados de menor nivel formativo onde atopamos a maior porcentaxe de satisfacción (56,1%) fronte ao 39,3% dos titulados universitarios, se ben entre estes a porcentaxe de "Ns/Nc" é do 26,3%, ao tempo que cómpre recordar que estes eran os que en menor medida dispoñían de formación específica no sector.

Por outro lado, e contrariamente ao que acontecía cos anteriores indicadores sobre a formación, na valoración da adecuación ás necesidades dos traballadores podemos observar como a satisfacción con esta descende ate o 42,3% entre os que están traballando actualmente cando acada o 48,1% entre os que non teñen experiencia no sector pero están buscando emprego e o 47,3% entre os que traballaron na Hostalería pero agora están en paro.

En canto á percepción en función das dúas ramas principais, comprobamos como esta é lixeiramente mellor no ámbito do aloxamento (50,8%) que no de restauración (44,2%) se ben en ambos casos as percepcións positivas superan ás negativas (33,3% e 36,1% respectivamente).

		Ata que punto cre Vde. que a oferta formativa específica no sector da Hostalería se adecúa ás necesidades dos traballadores (moito, bastante, pouco ou nada)?					
		Moito	Bastante	Pouco	Nada	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	5,4	43,3	27,8	6,5	17,0	100,0
	Muller	8,2	36,9	25,2	9,9	19,7	100,0
	Total	7,3	39,1	26,1	8,8	18,8	100,0
Idade	Ata 25 anos	8,7	46,1	23,5	3,5	18,3	100,0
	26-30 anos	6,7	34,5	29,6	4,9	24,2	100,0
	31-35 anos	7,1	39,6	25,8	8,8	18,7	100,0
	36-40 anos	8,0	37,6	25,6	16,0	12,8	100,0
	41-45 anos	8,6	30,9	29,6	16,0	14,8	100,0
	Máis de 45 anos	4,1	52,7	17,6	8,1	17,6	100,0
	Total	7,3	39,1	26,1	8,8	18,8	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	9,9	46,2	25,1	5,8	12,9	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	8,2	40,2	28,8	8,8	14,1	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	5,0	34,4	24,1	10,2	26,3	100,0
	Total	7,3	39,1	26,1	8,8	18,8	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	9,8	49,1	29,5	5,4	6,3	100,0
	Certificados de profesionalidade	17,6	35,3	27,5	11,8	7,8	100,0
	Outra non reglada	6,5	44,2	32,5	3,9	13,0	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	4,3	39,8	26,3	7,0	22,6	100,0
	Sen formación específica	6,7	35,3	23,5	11,2	23,3	100,0
	Total	7,3	39,1	26,1	8,8	18,8	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	10,3	32,0	26,3	14,9	16,6	100,0
	Si, traballei no pasado	5,8	41,5	27,6	7,1	17,9	100,0
	Non, pero estou buscando	8,0	40,1	21,6	6,8	23,5	100,0
	Total	7,3	39,1	26,1	8,8	18,8	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	10,7	38,5	28,7	11,5	10,7	100,0
	A metade da vida	5,9	45,1	27,5	9,8	11,8	100,0
	Un terzo ou menos da vida	6,3	37,4	26,8	8,5	21,0	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	8,0	40,1	21,6	6,8	23,5	100,0
	Total	7,3	39,1	26,1	8,8	18,8	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	7,9	38,1	25,3	6,8	21,9	100,0
	Entre 1 e 3 anos	6,4	41,2	27,0	8,3	17,2	100,0
	Entre 3 e 6 anos	5,9	36,4	22,0	9,3	26,3	100,0
	Máis de 6 anos	8,1	35,8	31,2	12,7	12,1	100,0
	Ns/Nc	7,5	57,5	17,5	5,0	12,5	100,0
	Total	7,3	39,1	26,1	8,8	18,8	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	6,4	37,8	26,9	9,2	19,7	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	9,6	41,2	25,4	7,9	15,8	100,0
	Outras actividades turísticas	8,1	39,4	26,3	9,1	17,2	100,0
	Ns/Nc	3,8	50,0	15,4	3,8	26,9	100,0
	Total	7,3	39,1	26,1	8,8	18,8	100,0

Fonte: Elaboración propia

II.2. Demandas formativas

AO 64,7% DOS ENQUISADOS GUSTARÍALLE REALIZAR ALGÚN CURSO FORMATIVO PARA MELLORAR O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS TAREFAS, AINDA QUE SÓ O 46,9% INDICA CURSOS ESPECÍFICOS

1 DE CADA 3 ENQUISADOS MANIFESTA ABERTAMENTE NON TER INTERESE EN MELLORAR A SÚA FORMACIÓN

Gustaríalle poder realizar algún curso formativo que non teña e que lle fose a resultar útil para o desenvolvemento das súas tarefas no seu posto de traballo actual / lle houbese resultado útil no seu último posto de traballo?

	Frecuencia	Porcentaxe
Si, indica curso/s	375	46,9
Si, pero non indica curso/s	142	17,8
Non	266	33,3
Ns/Nc	17	2,1
Total	800	100,0

Fonte: Elaboración propia



A aposta pola formación é considerable entre os enquisados, pois o 64,7% (case 2 de cada 3) afirma ter interese en realizar algún curso formativo para mellorar o seu desempeño profesional, aínda que a porcentaxe dos que indican cursos específicos sitúase no 46,9%. O restante 17,8% si manifesta a súa intención de formarse pero non indica o curso a realizar, o que pode ser indicativo dunha menor predisposición.

Pola súa parte, 1 de cada 3 (o 33,3%) indica abertamente que non desexa realizar curso algún, evidenciando a súa falta de interese en mellorar a súa formación (esta porcentaxe acada o 38,8% entre os que non teñen formación específica no sector).

O 2,1% restante dos enquisados non sabe ou non quere responder a esta cuestión.

A predisposición a realizar cursos formativos –indiquen ou non o nome dos mesmos- supera o 55% en todos os segmentos das variables de cruce. De feito, só en tres colectivos baixa do 60%. Trátase dos que tendo traballado con anterioridade no sector estaban en paro no momento de realización da enquisa (5,7%), os que teñen menos dun ano de experiencia no sector (59,2%) e, significativamente, aqueles que non contan con formación específica (59,6%).

Por outra parte, obsérvase unha relación inversamente proporcional co nivel de estudos rematados, xa que canto maior é o nivel formativo dos entrevistados menor é a porcentaxe destes aos que lle gustaría realizar algún curso. Deste xeito, o 73,1% daqueles que teñen o primeiro ciclo manifestan a súa intención de realizar cursos do sector, porcentaxe que baixa ata o 60,7% entre os titulados universitarios, xustamente o segmentos con menor porcentaxe de formación especifica.

Por outro lado, e en senso positivo, cabe destacar que é entre os que actualmente están traballando no sector onde se observa a porcentaxe máis elevada de enquisados que desexan facer algún curso formativo (80%) e din cal (62,3%). É dicir, son os que en maior medida queren facer cursos (o que constitúe un claro indicativo da súa utilidade) e os que teñen máis claro que cursos facer.

O tempo de experiencia no sector presenta unha clara división entre os que levan menos dun ano, cun 59,2% de entrevistados aos que lles gustaría continuar formándose, e os tres segmentos con mais experiencia, onde esta porcentaxe se incremente ata aproximadamente o 68%.

A percepción en función das dúas ramas principais amosa que a disposición a realizar cursos é case 7 puntos porcentuais maior no ámbito do aloxamento (70,1%%) que no de restauración (63,3%).

		Gustaríalle poder realizar algún curso formativo que non teña e que lle fose a resultar útil para o desenvolvemento das súas tarefas no seu posto de traballo actual / lle houbese resultado útil no seu último posto de traballo?				
		Si, indica curso/s	Si, pero non indica curso/s	Non	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	47,7	17,7	34,3	,4	100,0
	Muller	46,5	17,8	32,7	3,1	100,0
	Total	46,9	17,8	33,3	2,1	100,0
Idade	Ata 25 anos	40,0	21,7	37,4	,9	100,0
	26-30 anos	48,0	15,7	35,0	1,3	100,0
	31-35 anos	50,5	17,6	30,2	1,6	100,0
	36-40 anos	45,6	19,2	32,8	2,4	100,0
	41-45 anos	54,3	11,1	33,3	1,2	100,0
	Máis de 45 anos	39,2	23,0	29,7	8,1	100,0
	Total	46,9	17,8	33,3	2,1	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	49,7	23,4	25,7	1,2	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	48,0	16,0	32,4	3,6	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	44,3	16,4	38,1	1,2	100,0
	Total	46,9	17,8	33,3	2,1	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	56,3	13,4	26,8	3,6	100,0
	Certificados de profesionalidade	49,0	31,4	19,6	,0	100,0
	Outra non reglada	57,1	11,7	26,0	5,2	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	44,1	21,5	32,8	1,6	100,0
	Sen formación específica	43,0	16,6	38,8	1,6	100,0
	Total	46,9	17,8	33,3	2,1	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	62,3	17,7	16,6	3,4	100,0
	Si, traballei no pasado	42,3	15,3	40,8	1,5	100,0
	Non, pero estou buscando	43,2	24,7	29,6	2,5	100,0
	Total	46,9	17,8	33,3	2,1	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	46,7	21,3	30,3	1,6	100,0
	A metade da vida	54,9	18,6	24,5	2,0	100,0
	Un terzo ou menos da vida	46,4	13,8	37,7	2,2	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	43,2	24,7	29,6	2,5	100,0
	Total	46,9	17,8	33,3	2,1	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	43,4	15,8	39,2	1,5	100,0
	Entre 1 e 3 anos	52,9	15,7	30,4	1,0	100,0
	Entre 3 e 6 anos	48,3	19,5	29,7	2,5	100,0
	Máis de 6 anos	48,0	20,2	27,7	4,0	100,0
	Ns/Nc	30,0	25,0	42,5	2,5	100,0
	Total	46,9	17,8	33,3	2,1	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	46,0	17,3	34,9	1,8	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	50,8	19,2	27,7	2,3	100,0
	Outras actividades turísticas	48,5	17,2	31,3	3,0	100,0
	Ns/Nc	30,8	19,2	46,2	3,8	100,0
	Total	46,9	17,8	33,3	2,1	100,0

Fonte: Elaboración propia

ENTRE OS QUE DESEXAN REALIZAR ALGÚN CURSO OS MÁIS CITADOS SON OS RELACIONADOS COAS FUNCIÓNS DE "CAMAREIRO, AUXILIAR DE CAMAREIRO, BARISTA OU COCTELERÍA", COA COCIÑA E COS IDIOMAS

Cales serían os cursos principais sobre os que a Vde. lle gustaría realizar algún curso formativo? (RESPOSTA MÚLTIPLE)

	Frecuencia	Porcentaxe
Camareiro/a / Auxiliar de camareiro/a / Barista / Coctelería	107	28,8
Cociña / Auxiliar de cociña	91	24,5
Idiomas para hostalería ou turismo (esp. inglés)	78	21,0
Atención ao cliente	47	12,7
Informática, NTIC...	43	11,6
Administración, xestión...	34	9,2
Manipulación de alimentos	22	5,9
Repostería, pastelería	22	5,9
Prevención de riscos laborais	13	3,5
Aloxamento hoteleiro	13	3,5
Marketing, venta, captación de clientes...	13	3,5
Hostalería, restauración	12	3,2
Guía Turístico	12	3,2
Recepcionista	12	3,2
Camareiro/a de piso	11	3,0
Protocolo, organización de eventos, relacións públicas	11	3,0
Outros cursos formativos	33	8,9

Variable filtrada. Aplícase só a quen desexa realizar algún curso formativo útil para o desenvolvemento das súas tarefas na Hostalería e indica cal/es
Fonte: Elaboración propia



Entre os 375 enquisados que afirman ter interese en realizar algún curso e indican algún en concreto os máis citados son os relacionados coas funcións de "camareiro, auxiliar de camareiro, barista ou coctelería" (28,8%), seguidos dos relacionados coa cociña (24,5%) e, en terceiro lugar, os idiomas para a Hostalería ou o turismo, en especial o inglés (21%).

Tras estes tres ámbitos máis citados, e xa moi por debaixo do 20%, sitúase en cuarto lugar a formación para a atención ao cliente (12,7%) e, en quinto, a formación en informática ou novas tecnoloxías da información e a comunicación (11,6%).

As demais materias rexistraron porcentaxes de mención inferiores ao 6%.

Tal e como se pode apreciar na táboa da páxina seguinte son múltiples as variacións que presentan as porcentaxes de mención dos diversos cursos demandados en función das distintas variables de segmentación, pero a efectos do presente estudo consideramos que o más relevante é a segmentación en función da rama do sector na que traballan ou buscan emprego.

Así, compróbase que entre os enquisados ligados ao ámbito dos restaurantes e bares os cursos máis demandados son con diferenza os relacionados co posto de camareiro (39,8%) e a cociña (32,7%) mentres os idiomas non pasan do 14,6% e ningún dos outros cursos acada o 10% de demanda. Pola contra, entre os que traballan ou queren facelo en aloxamentos e hoteis os cursos máis demandados son os de idiomas (35,6%), seguidos do 18,9% que desexarían facer un curso de informática e, en terceiro lugar, do 15,6% que preferirían realizar un de administración ou xestión. Despois aparecen en cuarta posición os cursos de cociña (13,3%) e en quinta os de camareiro (11,1%). Entre os que traballan ou buscan emprego noutras actividades turísticas, ao 25,5% gustaríalle facer un curso de atención ao cliente, ao 19,1% de idiomas, ao 14,9% de camareiro, ao 12,8% de guía turístico e, en quinta posición, ao 10,6% de cociña.

As variacións en función das restantes variables de segmentación poden vir moi condicionadas polo subsector específico ao que se adscriben os enquisados, polo que non entraremos a describir as flutuacións entre os distintos segmentos ao consideralas variacións espureas condicionadas por outro factor. En todo caso axuntamos a correspondente táboa de segmentación na páxina seguinte.

Cales serían os cursos principais sobre os que a Vde. lle gustaría realizar algún curso formativo? (RESPOSTA MÚLTIPLE)

		Camareiro/a / Auxiliar de camareiro/a / Barista / Coctelería	Cociña / Auxiliar de cociña	Idiomas para hostalería ou turismo	Atención ao cliente	Informática, NTIC...	Administración, xestión...	Manipulación de alimentos	Repostería, pastelería	Prevención de riscos laborais	Aloxamento hoteleiro	Marketing, venta, captación de clientes...	Hostalería, restauración	Guía turístico	Recepcionista	Camareiro/a de piso	Protocolo, org. de eventos, relacións públicas	Outros cursos formativos
Sexo	Home	35,9	28,2	14,5	11,5	7,6	7,6	6,1	5,3	3,8	3,1	,8	3,8	3,8	3,8	,0	1,5	14,5
	Muller	25,0	22,5	24,6	13,3	13,8	10,0	5,8	6,3	3,3	3,8	5,0	2,9	2,9	2,9	4,6	3,8	5,8
	Total	28,8	24,5	21,0	12,7	11,6	9,2	5,9	5,9	3,5	3,5	3,5	3,2	3,2	3,2	3,0	3,0	8,9
Idade	Ata 25 anos	37,0	23,9	10,9	17,4	2,2	4,3	10,9	10,9	,0	4,3	2,2	4,3	2,2	4,3	2,2	2,2	4,3
	26-30 anos	32,4	20,0	27,6	14,3	9,5	7,6	3,8	8,6	4,8	4,8	4,8	2,9	3,8	1,9	,0	4,8	7,6
	31-35 anos	24,4	23,3	20,0	11,1	17,8	14,4	11,1	4,4	5,6	2,2	4,4	1,1	2,2	5,6	1,1	3,3	11,1
	36-40 anos	24,6	28,1	24,6	12,3	12,3	5,3	,0	3,5	5,3	,0	3,5	5,3	1,8	5,3	3,5	,0	10,5
	41-45 anos	27,3	22,7	20,5	9,1	13,6	13,6	4,5	4,5	,0	4,5	2,3	4,5	4,5	,0	9,1	2,3	9,1
	Máis de 45 anos	27,6	41,4	10,3	10,3	10,3	6,9	3,4	,0	,0	6,9	,0	3,4	6,9	,0	10,3	3,4	10,3
	Total	28,8	24,5	21,0	12,7	11,6	9,2	5,9	5,9	3,5	3,5	3,5	3,2	3,2	3,2	3,0	3,0	8,9
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	38,8	36,5	9,4	8,2	4,7	,0	4,7	7,1	1,2	1,2	1,2	5,9	2,4	1,2	9,4	2,4	15,3
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	25,5	26,2	22,8	12,4	11,0	10,3	6,9	7,6	3,4	4,8	3,4	3,4	1,4	4,1	1,4	3,4	7,6
	3º Ciclo (Universitarios)	26,2	15,6	26,2	15,6	16,3	13,5	5,7	3,5	5,0	3,5	5,0	1,4	5,7	3,5	,7	2,8	6,4
	Total	28,8	24,5	21,0	12,7	11,6	9,2	5,9	5,9	3,5	3,5	3,5	3,2	3,2	3,2	3,0	3,0	8,9
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	22,6	25,8	22,6	8,1	8,1	11,3	,0	8,1	1,6	6,5	4,8	3,2	1,6	6,5	1,6	4,8	4,8
	Certificados de profesionalidade	32,0	36,0	16,0	4,0	16,0	8,0	8,0	4,0	4,0	,0	4,0	,0	4,0	4,0	4,0	4,0	8,0
	Outra non reglada	54,5	36,4	9,1	15,9	6,8	6,8	,0	6,8	2,3	,0	2,3	,0	,0	4,5	4,5	2,3	6,8
	Só manipulaciós de alimentos	25,0	27,5	20,0	13,8	10,0	8,8	,0	6,3	3,8	3,8	1,3	3,8	2,5	3,8	7,5	1,3	12,5
	Sen formación específica	25,6	17,5	25,0	14,4	14,4	9,4	12,5	5,0	4,4	3,8	4,4	4,4	5,0	1,3	,6	3,1	9,4
	Total	28,8	24,5	21,0	12,7	11,6	9,2	5,9	5,9	3,5	3,5	3,5	3,2	3,2	3,2	3,0	3,0	8,9
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	31,8	24,3	25,2	16,8	12,1	12,1	,9	4,7	6,5	3,7	2,8	5,6	,9	,9	1,9	2,8	7,5
	Si, traballei no pasado	30,4	25,8	20,1	10,3	9,8	6,7	6,2	6,2	2,6	3,6	4,6	2,6	4,1	5,2	2,1	3,6	9,3
	Non, pero estou buscando	20,0	21,4	17,1	12,9	15,7	11,4	12,9	7,1	1,4	2,9	1,4	1,4	4,3	1,4	7,1	1,4	10,0
	Total	28,8	24,5	21,0	12,7	11,6	9,2	5,9	5,9	3,5	3,5	3,5	3,2	3,2	3,2	3,0	3,0	8,9
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	42,1	29,8	15,8	10,5	5,3	10,5	,0	8,8	,0	1,8	1,8	8,8	1,8	7,0	1,8	1,8	8,8
	A metade da vida	26,8	30,4	28,6	16,1	10,7	10,7	,0	7,1	1,8	3,6	1,8	7,1	3,6	3,6	1,8	7,1	5,4
	Un terzo ou menos da vida	28,7	22,3	21,8	12,2	12,2	7,4	6,9	4,3	5,9	4,3	5,3	1,1	3,2	2,7	2,1	2,7	9,6
	Nunca traballou na Hostalería	20,0	21,4	17,1	12,9	15,7	11,4	12,9	7,1	1,4	2,9	1,4	1,4	4,3	1,4	7,1	1,4	10,0
	Total	28,8	24,5	21,0	12,7	11,6	9,2	5,9	5,9	3,5	3,5	3,5	3,2	3,2	3,2	3,0	3,0	8,9
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	25,7	20,4	19,5	12,4	13,3	8,0	12,4	6,2	6,2	5,3	4,4	,0	2,7	,9	,9	2,7	11,5
	Entre 1 e 3 anos	23,4	25,2	22,4	15,9	16,8	8,4	3,7	4,7	3,7	2,8	2,8	2,8	4,7	3,7	4,7	3,7	7,5
	Entre 3 e 6 anos	35,1	22,8	22,8	10,5	7,0	14,0	7,0	5,3	,0	3,5	5,3	7,0	3,5	5,3	1,8	1,8	8,8
	Máis de 6 anos	40,2	34,1	17,1	9,8	6,1	7,3	,0	8,5	1,2	1,2	2,4	6,1	2,4	4,9	3,7	3,7	6,1
	Ns/Nc	,0	,0	41,7	16,7	8,3	16,7	,0	,0	8,3	8,3	,0	,0	,0	,0	8,3	,0	16,7
	Total	28,8	24,5	21,0	12,7	11,6	9,2	5,9	5,9	3,5	3,5	3,5	3,2	3,2	3,2	3,0	3,0	8,9
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	39,8	32,7	14,6	8,8	8,8	5,8	5,8	8,0	3,5	1,8	3,1	4,4	1,3	2,7	1,8	3,5	8,8
	Aloxamentos e Hoteis	11,1	13,3	35,6	15,6	18,9	15,6	7,8	2,2	3,3	8,9	2,2	1,1	2,2	6,7	7,8	1,1	3,3
	Outras actividades turísticas	14,9	10,6	19,1	25,5	10,6	10,6	4,3	4,3	4,3	2,1	8,5	2,1	12,8	,0	,0	4,3	17,0
	Ns/Nc	,0	,0	50,0	12,5	12,5	25,0	,0	,0	,0	,0	,0	,0	12,5	,0	,0	,0	25,0
	Total	28,8	24,5	21,0	12,7	11,6	9,2	5,9	5,9	3,5	3,5	3,5	3,2	3,2	3,2	3,0	3,0	8,9

Variable filtrada. Aplícase só a quen desexa realizar algún curso formativo útil para o desenvolvemento das súas tarefas na Hostalería e indica cal/es
Fonte: Elaboración propia

II.3. Plan Acredita

MÁIS DE 3 DE CADA 4 ENQUISADOS NON COÑECE O PLAN ACREDITA, DA XUNTA DE GALICIA

SÓ O 1,8% DOS ENQUISADOS PARTICIPOU NEL

Coñece Vde. o Plan Acredita da Xunta de Galicia [...]?

	Frecuencia	Porcentaxe
Si	191	23,9
Non	609	76,1
Total	800	100,0

Fonte: Elaboración propia

E participou nel?

	Coñecedores do Plan Acredita	Conxunto dos entrevistados
Si	7,3	1,8
Non	92,7	98,3
Total	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia



Máis de 3 de cada 4 traballadores do sector hostaleiro entrevistados poñen de manifesto que non coñecen o Plan Acredita da Xunta de Galicia (76,1%).

Do 23,9% que si o coñece, só o 7,3% participou nel, porcentaxe que se sitúa no 1,8% ao elevar o dato ao conxunto dos entrevistados.

		Coñece Vde. o Plan Acredita da Xunta de Galicia [...]?		
		Si	Non	Total
Sexo	Home	24,2	75,8	100,0
	Muller	23,7	76,3	100,0
	Total	23,9	76,1	100,0
Idade	Ata 25 anos	8,7	91,3	100,0
	26-30 anos	19,3	80,7	100,0
	31-35 anos	26,9	73,1	100,0
	36-40 anos	31,2	68,8	100,0
	41-45 anos	34,6	65,4	100,0
	Máis de 45 anos	29,7	70,3	100,0
	Total	23,9	76,1	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	19,3	80,7	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	27,8	72,2	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	22,6	77,4	100,0
	Total	23,9	76,1	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	28,6	71,4	100,0
	Certificados de profesionalidad	23,5	76,5	100,0
	Outra non reglada	35,1	64,9	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	26,9	73,1	100,0
	Sen formación específica	18,7	81,3	100,0
	Total	23,9	76,1	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	25,7	74,3	100,0
	Si, traballei no pasado	23,1	76,9	100,0
	Non, pero estou buscando	24,1	75,9	100,0
	Total	23,9	76,1	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	27,9	72,1	100,0
	A metade da vida	23,5	76,5	100,0
	Un terzo ou menos da vida	22,7	77,3	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	24,1	75,9	100,0
	Total	23,9	76,1	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	25,7	74,3	100,0
	Entre 1 e 3 anos	21,6	78,4	100,0
	Entre 3 e 6 anos	23,7	76,3	100,0
	Máis de 6 anos	24,9	75,1	100,0
	Ns/Nc	20,0	80,0	100,0
	Total	23,9	76,1	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	21,7	78,3	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	29,4	70,6	100,0
	Outras actividades turísticas	25,3	74,7	100,0
	Ns/Nc	23,1	76,9	100,0
	Total	23,9	76,1	100,0

Fonte: Elaboración propia

A táboa de continxencia amosa un xeneralizado descoñecemento do Plan Acredita, con porcentaxes sempre superiores ao 65% e que nalgún caso mesmo chegan a acadar o 90%.

As principais diferenzas atópanse en función da idade dos enquisados, sendo as porcentaxes máis elevadas de coñecemento de dito Plan as recollidas entre os que teñen entre 36 e 40 anos (31,2%) e entre 41 e 45 (34,6%) e os de 45 ou máis (29,7%), mentres no caso dos menores de 30 anos o coñecemento sitúase por debaixo do 20%, caendo ata o 8,7% entre os menores de 25 anos.

Esta diferenza por idades é lóxica se temos en conta que este plan está pensado para acreditar a experiencia no sector, polo que é máis probable que estean interesados no mesmo os enquisados dos intervalos de máis idade, entre os que, en principio, hai xente con máis experiencia.

Nesta liña, e aplicando a mesma lóxica, os anos de experiencia no sector debería ser outra das variables que marcasen diferenzas á hora de coñecer ou non o Plan Acredita. Sen embargo, estas diferenzas non se producen, tal e como se pode comprobar na presente táboa.

En canto á rama específica, cabe sinalar que o coñecemento do Plan é case 8 puntos porcentuais superior no ámbito do aloxamento que no de restauración (29,4% vs. 21,7%, respectivamente).

O 57% DOS ENQUISADOS ESTARÍA INTERESADO NUNHA ACREDITACIÓN NO MARCO DO PLAN ACREDITA DA XUNTA DE GALICIA

Concretamente no sector da Hostalería e Turismo as cualificacións profesionais que se acreditan son [...]. Estaría Vde. interesado en acreditarse nalgunha delas?

	Frecuencia	Porcentaxe
Si	456	57,0
Non	344	43,0
Total	800	100,0

Fonte: Elaboración propia

Aínda que só o 23,9% dos enquisados coñecían o Plan Acredita, unha vez que se lle explica en que consiste, a porcentaxe deles que estaría interesado en participar, obtendo algunha das acreditacións previstas para a Hostalería, acada o 57%. A acreditación na que maior porcentaxe de enquisados amosa o seu interese é a de servizos de bar e cafetería (25,1%), seguida de preto pola de recepción e xestión de pisos e limpeza en aloxamentos (24,4%).

Concretamente no sector da Hostalería e Turismo as cualificacións profesionais que se acreditan son [...]. Estaría Vde. interesado en acreditarse nalgunha delas? (RESPOSTA MÚLTIPLE)

	Si	Non	Total
Si, en servizos de bar e cafetería	25,1	74,9	100,0
Si, en recepción e xestión de pisos e limpeza en aloxamentos	24,4	75,6	100,0
Si, en cociña, repostería, pastelería e confeitaría	20,3	79,8	100,0
Si, en servizos de restaurante	16,1	83,9	100,0

Fonte: Elaboración propia



Supera tamén o 20% a porcentaxe de enquisados que amosa interese pola acreditación en cociña, repostería, pastelería e confeitaría (20,3%).

Finalmente, estaría interesado na acreditación en servizos de restaurante o 16,1% dos entrevistados.

		Concretamente no sector a Hostalería e Turismo as cualificacións profesionais que se acreditan son [...]. Estaría Vde. interesado en acreditarse nalgunha delas?		
		Si	Non	Total
Sexo	Home	57,4	42,6	100,0
	Muller	56,8	43,2	100,0
	Total	57,0	43,0	100,0
Idade	Ata 25 anos	59,1	40,9	100,0
	26-30 anos	56,5	43,5	100,0
	31-35 anos	52,2	47,8	100,0
	36-40 anos	51,2	48,8	100,0
	41-45 anos	60,5	39,5	100,0
	Máis de 45 anos	73,0	27,0	100,0
	Total	57,0	43,0	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	74,9	25,1	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	58,8	41,2	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	45,8	54,2	100,0
	Total	57,0	43,0	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	58,0	42,0	100,0
	Certificados de profesionalidade	80,4	19,6	100,0
	Outra non reglada	64,9	35,1	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	49,5	50,5	100,0
	Sen formación específica	55,6	44,4	100,0
	Total	57,0	43,0	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	74,3	25,7	100,0
	Si, traballei no pasado	51,8	48,2	100,0
	Non, pero estou buscando	53,1	46,9	100,0
	Total	57,0	43,0	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	62,3	37,7	100,0
	A metade da vida	62,7	37,3	100,0
	Un terzo ou menos da vida	55,6	44,4	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	53,1	46,9	100,0
	Total	57,0	43,0	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	55,8	44,2	100,0
	Entre 1 e 3 anos	56,9	43,1	100,0
	Entre 3 e 6 anos	58,5	41,5	100,0
	Máis de 6 anos	63,0	37,0	100,0
	Ns/Nc	35,0	65,0	100,0
	Total	57,0	43,0	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	58,8	41,2	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	62,1	37,9	100,0
	Outras actividades turísticas	47,5	52,5	100,0
	Ns/Nc	23,1	76,9	100,0
	Total	57,0	43,0	100,0

Fonte: Elaboración propia

A porcentaxe de enquisados interesados en acreditarse nalgunha das cualificacións profesionais que contempla o Plan supera o 50% en todos os segmentos analizados agás entre os que se dedican a outras actividades turísticas (47,5%), entre os que só teñen manipulación de alimentos como formación específica (49,5%) e, especialmente, entre os que teñen estudos universitarios (45,8%), que unha vez máis son os máis reticentes a afondar na formación específica no sector.

De feito, hai unha relación inversamente proporcional entre o nivel de estudos e esta variable, pois canto maior é aquel menos interesado se está en certificar algunha das cualificacións profesionais que se acreditan (pasando do 74,9% entre os de primeiro ciclo ao 45,8% entre os titulados universitarios).

Un elemento que si parece impulsar o interese por acreditarse e o tempo que levan traballando na Hostalería de tal xeito que cantos máis anos se leva no sector maior é o interese por certificar as cualificacións profesionais, indo dende o 55,8% dos que levan menos dun ano ate o 63% dos que levan máis de 6 anos.

As variacións que vimos de constatar ao observar o interese en participar nalgunha das posibles acreditacións contempladas polo Plan Acredita son en xeral de aplicación para cada unha delas por separado, especialmente a tendencia relacionada co nivel de estudos do enquisado (a porcentaxe de interesados en acreditarse é maior canto menor é o seu nivel de estudos). Pero a análise individualizada do interese amosado para cada unha das catro posibles acreditacións no sector da Hostalería permite constatar importantes diferenzas en función doutras dúas variables de segmentación: o sexo dos enquisados e a súa vinculación a unha ou outra rama do sector.

En función do sexo podemos comprobar que entre os homes é maior o interese por acreditarse en servizos de bar e cafetaría (32,5%) superando en máis de 10 puntos porcentuais a segunda opción máis citada (os servizos de restauración, cun 21,3%), mentres as acreditacións ligadas ao aloxamento e a cociña se sitúan entre o 15% e o 16%. Pola contra, entre as mulleres estás dúas son as máis citadas, ocupando a primeira posición a acreditación relacionada cos aloxamentos cun 29,3% (case 15 puntos máis que entre os homes) e a segunda a de cociña e repostaría, cun 22,4%, seguida de preto polos servizos de bares e cafeterías (21,2%, 11 puntos menos que entre os homes), e en última posición os servizos de restauración, cun 13,4%.

Como cabía esperar, dado que as diferentes acreditacións están máis dirixidas a un ou outro ámbito as diferenzas tamén son moi destacables ao atender á rama especifica do sector. Así o 52% dos enquisados ligados á rama de aloxamentos e hoteis amósanse interesados en acreditarse en recepción e xestión de pisos e limpeza en aloxamentos, mentres as porcentaxes de interesados nas outras opcións se sitúan entre o 7,9% e o 13,6%. Na rama de restaurantes e bares atópase xusto a tendencia oposta, pois só un 14,5% amosa interese por acreditarse na recepción e xestión de pisos, sendo servizos de bar e cafetería os que espertan mais interese (34,3%). As outras dúas acreditacións presentan porcentaxes de interese en torno ao 22%.

Concretamente no sector da Hostalería e Turismo as cualificacións profesionais que se acreditan son [...]. Estaría Vde. interesado en acreditarse nalgunha delas?

		Si, en servizos de bar e cafetería	Si, en recepción e xestión de pisos e limpeza en aloxamentos	Si, en cociña, repostería, pastelería e confeitaría	Si, en servizos de restaurante	Non
Sexo	Home	32,5	15,2	16,2	21,3	42,6
	Muller	21,2	29,3	22,4	13,4	43,2
	Total	25,1	24,4	20,3	16,1	43,0
Idade	Ata 25 anos	30,4	26,1	28,7	17,4	40,9
	26-30 anos	28,3	22,9	20,2	16,1	43,5
	31-35 anos	20,9	23,1	17,6	14,3	47,8
	36-40 anos	21,6	16,0	12,0	15,2	48,8
	41-45 anos	23,5	28,4	17,3	21,0	39,5
	Máis de 45 anos	25,7	39,2	31,1	14,9	27,0
	Total	25,1	24,4	20,3	16,1	43,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	40,4	26,9	31,0	25,7	25,1
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	23,9	24,8	18,6	15,7	41,2
	3º Ciclo (Universitarios)	18,3	22,6	16,1	11,5	54,2
	Total	25,1	24,4	20,3	16,1	43,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	21,4	25,0	19,6	15,2	42,0
	Certificados de profesionalidade	25,5	37,3	31,4	23,5	19,6
	Outra non reglada	29,9	22,1	32,5	19,5	35,1
	Só manipulaciós de alimentos	22,6	22,6	21,0	18,3	50,5
	Sen formación específica	26,5	23,8	16,0	13,6	44,4
	Total	25,1	24,4	20,3	16,1	43,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	39,4	20,6	21,7	28,6	25,7
	Si, traballei no pasado	22,2	22,2	19,0	13,8	48,2
	Non, pero estou buscando	17,9	34,6	22,2	9,3	46,9
	Total	25,1	24,4	20,3	16,1	43,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	31,1	18,0	18,9	23,0	37,7
	A metade da vida	26,5	24,5	20,6	25,5	37,3
	Un terzo ou menos da vida	25,8	22,2	19,8	14,5	44,4
	Nunca traballou na Hostalería	17,9	34,6	22,2	9,3	46,9
	Total	25,1	24,4	20,3	16,1	43,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	22,3	27,2	18,9	12,5	44,2
	Entre 1 e 3 anos	28,9	22,1	26,0	15,7	43,1
	Entre 3 e 6 anos	26,3	24,6	22,9	16,1	41,5
	Máis de 6 anos	28,3	21,4	17,3	25,4	37,0
	Ns/Nc	7,5	30,0	5,0	2,5	65,0
	Total	25,1	24,4	20,3	16,1	43,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	34,3	14,5	23,5	21,3	41,2
	Aloxamentos e Hoteis	10,7	52,0	13,6	7,9	37,9
	Outras actividades turísticas	8,1	28,3	20,2	7,1	52,5
	Ns/Nc	11,5	11,5	3,8	7,7	76,9
	Total	25,1	24,4	20,3	16,1	43,0

Fonte: Elaboración propia

A PORCENTAXE DE ENQUISADOS INTERESADOS EN ACREDITARSE EN SERVIZOS DE BAR E CAFETERÍA DUPLÍCASE ANTE A HIPÓTESE DE QUE O CENTRO DE ACREDITACIÓN ESTIVESE EN SANTIAGO

Interese na acreditación segundo necesidade de desprazamento: servizos de bar e cafetería

	Si	Non	Total
Os centros de acreditación para os servizos de bar e cafetería están en Vigo. Estaría Vde. disposto a desprazarse a esta cidade para acreditarse?	48,3	51,7	100,0
E se o centro estivese en Santiago, acreditaríase Vde. nesta cualificación profesional?	92,0	8,0	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen está interesado na acreditación profesional en servizos de bar e cafetería
Fonte: Elaboración propia



Pese á relativamente alta porcentaxe de enquisados que se amosan interesados en participar no Plan Acredita, o feito de que os centros de acreditación relacionados coa Hostalería estean situados en Vigo ou en Pontevedra supón un importante atranco, como evidencian os datos das presentes figuras –e das relacionadas coas dúas acreditacións restantes, como se verá a continuación.

Como se pode observar, no caso concreto da acreditación de servizos de bar e cafetería a porcentaxe de enquisados interesados que estaría disposto a desprazarse a Vigo para obtela redúcese á metade dos que se manifestan dispostos a acreditarse (48,3%), valor que se eleva ao 92% ante a hipótese de que o centro estivese en Santiago. O 8% restante correspóndese con 16 enquisados que xa non residen en Compostela ou no seu entorno.

O 48,8% DOS ENQUISADOS INTERESADOS EN ACREDITARSE EN SERVIZOS DE RESTAURANTE ESTARIA DISPOSTO A DESPRAZARSE A VIGO

SE O CENTRO DE ACREDITACIÓN ESTIVESE EN SANTIAGO ESTA CIFRA ELEVARÍASE AO 96,1%

Interese na acreditación segundo necesidade de desprazamento: servizos de restaurante

	Si	Non	Total
Os centros de acreditación para os servizos de restaurante están en Vigo. Estaría Vde. disposto a desprazarse a esta cidade para acreditarse?	48,8	51,2	100,0
E se o centro estivese en Santiago, acreditaríase Vde. nesta cualificación profesional?	96,1	3,9	100,0

Variable filtrada. Aplícase só a quen está interesado na acreditación profesional en servizos de restaurante
Fonte: Elaboración propia



Entre os enquisados interesados na acreditación en servizos de restaurante (o 16,1%, 129 persoas), a porcentaxe dos que estarían dispostos a desprazarse a Vigo para lograla é moi similar á da variable anterior –acreditación de servizos de bar e cafetería-, á que só supera en medio punto (48,8%).

O resto de categorías de resposta non superan en ningún caso o 1%, agás aqueles que non quixeron ou non souberon contestar a estas dúas cuestións (7,1% para o sector de Aloxamentos e Hoteis e 6,1% para o de Restaurantes e Bebidas).

		Pensando nos fluxos turísticos da cidade, cal diría Vde. que é o tipo de contrato ideal no sector de Aloxamentos e Hoteis?						
		Indefinido	Fixo-discontinuo	Temporal	En prácticas	Sen contrato	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	46,2	23,8	19,9	,4	,0	9,7	100,0
	Muller	56,8	21,8	14,3	1,1	,2	5,7	100,0
	Total	53,1	22,5	16,3	,9	,1	7,1	100,0
Idade	Ata 25 anos	49,6	15,7	21,7	2,6	,9	9,6	100,0
	26-30 anos	52,0	20,6	18,8	,9	,0	7,6	100,0
	31-35 anos	55,5	25,3	13,7	,0	,0	5,5	100,0
	36-40 anos	58,4	22,4	14,4	,8	,0	4,0	100,0
	41-45 anos	50,6	27,2	13,6	1,2	,0	7,4	100,0
	Máis de 45 anos	50,0	27,0	12,2	,0	,0	10,8	100,0
	Total	53,1	22,5	16,3	,9	,1	7,1	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	45,6	23,4	21,1	,6	,0	9,4	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	53,9	21,2	16,0	1,0	,3	7,5	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	56,3	23,2	13,9	,9	,0	5,6	100,0
	Total	53,1	22,5	16,3	,9	,1	7,1	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	50,0	24,1	19,6	,0	,9	5,4	100,0
	Certificados de profesionalidade	56,9	19,6	19,6	,0	,0	3,9	100,0
	Outra non reglada	48,1	19,5	23,4	,0	,0	9,1	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	51,6	28,0	12,9	,5	,0	7,0	100,0
	Sen formación específica	55,3	20,3	15,0	1,6	,0	7,8	100,0
	Total	53,1	22,5	16,3	,9	,1	7,1	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	48,6	21,7	20,6	1,1	,0	8,0	100,0
	Si, traballei no pasado	54,2	22,9	14,7	,9	,0	7,3	100,0
	Non, pero estou buscando	54,9	22,2	16,0	,6	,6	5,6	100,0
	Total	53,1	22,5	16,3	,9	,1	7,1	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	50,8	17,2	23,8	,0	,0	8,2	100,0
	A metade da vida	48,0	26,5	17,6	1,0	,0	6,9	100,0
	Un terzo ou menos da vida	54,3	23,2	13,8	1,2	,0	7,5	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	54,9	22,2	16,0	,6	,6	5,6	100,0
	Total	53,1	22,5	16,3	,9	,1	7,1	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	50,6	23,4	16,6	2,3	,0	7,2	100,0
	Entre 1 e 3 anos	51,0	21,6	19,1	,0	,0	8,3	100,0
	Entre 3 e 6 anos	57,6	22,0	11,9	,8	,0	7,6	100,0
	Máis de 6 anos	54,3	20,2	18,5	,0	,0	6,9	100,0
	Ns/Nc	62,5	32,5	2,5	,0	2,5	,0	100,0
	Total	53,1	22,5	16,3	,9	,1	7,1	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	51,8	20,7	16,9	1,2	,0	9,4	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	51,4	29,4	15,8	,0	,0	3,4	100,0
	Outras actividades turísticas	63,6	14,1	18,2	1,0	,0	3,0	100,0
	Ns/Nc	50,0	42,3	,0	,0	3,8	3,8	100,0
	Total	53,1	22,5	16,3	,9	,1	7,1	100,0

Fonte: Elaboración propia

O contrato indefinido é o que colleita máis apoios en todos os segmentos analizados, sendo percibido como ideal para os aloxamentos e hoteis con porcentaxes sempre superiores ao 45% e que mesmo chegan a superar o 60%, mentres o segundo máis citado, o fixo–descontinuo fica sempre por debaixo do 30%.

É xusto entre os enquisados vinculados aos aloxamentos e hoteis onde os contratos fixos–descontinuos recollen máis apoios, cun 29,4%, se ben tamén aquí se sitúan en segundo lugar por detrás dos que sinalan ao contrato indefinido (51,4%) como o ideal para o sector dos aloxamentos e hoteis.

		E, cal diría Vde. que é o tipo de contrato ideal no sector de Restaurantes e Bebidas?						
		Indefinido	Fixo-discontinuo	Temporal	En prácticas	Sen contrato	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	51,6	22,4	18,8	,7	,0	6,5	100,0
	Muller	62,9	17,4	12,4	1,1	,2	5,9	100,0
	Total	59,0	19,1	14,6	1,0	,1	6,1	100,0
Idade	Ata 25 anos	54,8	11,3	21,7	2,6	,9	8,7	100,0
	26-30 anos	56,1	20,2	16,6	1,8	,0	5,4	100,0
	31-35 anos	64,3	19,2	10,4	,0	,0	6,0	100,0
	36-40 anos	61,6	19,2	14,4	,8	,0	4,0	100,0
	41-45 anos	61,7	21,0	12,3	,0	,0	4,9	100,0
	Máis de 45 anos	54,1	25,7	10,8	,0	,0	9,5	100,0
	Total	59,0	19,1	14,6	1,0	,1	6,1	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	50,3	21,6	21,6	,6	,0	5,8	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	61,4	17,6	11,4	1,6	,3	7,5	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	61,3	19,2	13,9	,6	,0	5,0	100,0
	Total	59,0	19,1	14,6	1,0	,1	6,1	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	54,5	19,6	17,9	,9	,9	6,3	100,0
	Certificados de profesionalidade	62,7	13,7	19,6	,0	,0	3,9	100,0
	Outra non reglada	57,1	16,9	19,5	,0	,0	6,5	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	56,5	24,7	11,8	1,1	,0	5,9	100,0
	Sen formación específica	61,5	17,4	13,4	1,3	,0	6,4	100,0
	Total	59,0	19,1	14,6	1,0	,1	6,1	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	53,7	17,7	19,4	1,7	,0	7,4	100,0
	Si, traballei no pasado	61,1	19,0	12,5	,9	,0	6,5	100,0
	Non, pero estou buscando	58,6	21,0	15,4	,6	,6	3,7	100,0
	Total	59,0	19,1	14,6	1,0	,1	6,1	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	55,7	17,2	18,9	,0	,0	8,2	100,0
	A metade da vida	61,8	15,7	15,7	1,0	,0	5,9	100,0
	Un terzo ou menos da vida	59,4	19,8	12,8	1,4	,0	6,5	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	58,6	21,0	15,4	,6	,6	3,7	100,0
	Total	59,0	19,1	14,6	1,0	,1	6,1	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	56,2	20,0	15,8	1,9	,0	6,0	100,0
	Entre 1 e 3 anos	53,4	20,6	17,2	1,0	,0	7,8	100,0
	Entre 3 e 6 anos	65,3	18,6	11,0	,8	,0	4,2	100,0
	Máis de 6 anos	63,6	14,5	15,0	,0	,0	6,9	100,0
	Ns/Nc	67,5	27,5	2,5	,0	2,5	,0	100,0
	Total	59,0	19,1	14,6	1,0	,1	6,1	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	58,2	18,3	15,1	1,0	,0	7,4	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	59,3	22,0	13,6	,6	,0	4,5	100,0
	Outras actividades turísticas	63,6	14,1	17,2	2,0	,0	3,0	100,0
	Ns/Nc	53,8	34,6	3,8	,0	3,8	3,8	100,0
	Total	59,0	19,1	14,6	1,0	,1	6,1	100,0

Fonte: Elaboración propia

O contrato indefinido tamén é o que recibe máis apoios en todos os segmentos analizados cando nos referimos ao ámbito dos restaurantes e bares, sendo percibido como ideal para este tipo de establecementos con porcentaxes sempre superiores ao 51% e que mesmo chegan a superar o 60%, mentres que o segundo máis citado, o fixo–descontinuo fica sempre por debaixo do 26%.

Se cinguimos a análise unicamente aos enquisados vinculados aos bares e restaurantes comprobamos que un 58,2% sinala aos contratos indefinidos como os ideais para este sector, mentres os contratos fixos-descontinuos fican no 18,3% e os temporais no 15,1%.

TANTO NA EXPERIENCIA PROPIA COMO NA PERCEPCIÓN XERAL DO SECTOR A XORNADA COMPLETA É MÁIS FRECUENTE QUE A MEDIA XORNADA OU O TRABALLO POR HORAS, SE BEN OS CONTRATOS A XORNADA PARCIAL SON TAMÉN MOI HABITUAIS NO SECTOR

Tipo de xornada

	Completa	Media xornada	Por horas	Ns/Nc	Total
E, podería dicirme que tipo de xornada laboral ten actualmente Vde. / tivo no seu último traballo en Hostalería?	57,3	22,3	18,4	2,0	100,0
E, en xeral nos seus traballos na Hostalería, que tipo de xornada laboral tivo Vde. con máis frecuencia?	55,9	23,4	15,5	5,2	100,0
E no sector da Hostalería en xeral, cales cre Vde. que soen ser os tipos de xornada laboral que se fan?	48,4	28,9	17,6	5,1	100,0

Variables filtradas: as dúas primeiras variables aplícanse só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería, a terceira aplícase ao conxunto das persoas entrevistadas
Fonte: Elaboración propia



A duración da xornada é un elemento máis a ter en conta á hora de avaliar as condición laborais no sector da Hostalería compostelá, de xeito que canto menor sexa a duración das xornadas maior será a precariedade desas condición laborais.

O 57,3% dos enquisados que teñen experiencia profesional no sector manifestaron que no seu traballo actual ou no seu último emprego tiveron unha xornada laboral completa. Así mesmo, o 55,9% manifesta ese foi tipo de xornada máis habitual ao longo da súa experiencia laboral. Consecuentemente comprobamos que o 40,7% dos enquisados traballan actualmente, ou traballaron no seu último posto, a media xornada (22,3%) ou por horas (18,4%), e para un 38,9% esa foi a tónica habitual ao longo da súa vida laboral, polo que podemos constatar que os contratos inferiores á xornada son tamén moi comúns no sector.

Cando se lles pregunta ao total de enquisados (incluídos aos que nunca traballaron) polo tipo de xornada predominante no sector a porcentaxe dos que indican a xornada completa segue a ser a máis elevada de todas as categorías de resposta pero descende ate un 48,4%, fronte ao 46,5% dos que cren que o máis común é o contrato a media xornada (28,9%) ou por horas (17,6%).

Na táboa de continxencia da páxina seguinte podemos observar que son varios os factores que fan variar as porcentaxes do tipo xornada que tiveron os enquisados no seu actual ou último traballo: fundamentalmente a idade do enquisado, e intimamente ligada con esta, os anos de experiencia no sector, así como a rama específica á que están vinculados. Para facilitar a lectura da táboa e a comparación entre segmentos, nos comentarios agruparemos baixo a categoría "xornada parcial" as porcentaxes dos que traballaron a media xornada xunto coas dos que o fixeron por horas.

Así, o primeiro dato a destacar é a redución das porcentaxes de contratos a xornada completa entre os enquisados de menos de 30 anos: un 51,7% entre os de ata 25 anos e un 49,2% entre os de 26 a 30 anos (de feito nese intervalo de idade esa porcentaxe é idéntica á dos que traballaron a xornada parcial). Na cohorte de 31 a 35 anos a xornada completa sitúase no 58% e a parcial no 39,2%, mentres nas dúas cohortes seguintes a xornada completa supera amplamente o 60% (con valores entre o 64,5% e o 72,2%) e a parcial baixa do 35% (sitúase entre o 27,8% e o 33,9%). Deste xeito comprobamos como canto máis novos son os traballadores do sector enquisados máis probable é que traballasen no seu último contrato a xornada parcial.

A relación é tamén clara cos anos de experiencia no sector, pois en torno ao 53% dos que levan 3 ou menos anos nel tiñan xornada completa no seu último posto, porcentaxe que ascende ata o 63% entre os que levan máis de 3 anos. En canto á rama específica, e en relación ao último posto de traballo, obsérvase que a xornada completa foi máis común nos aloxamentos (67,2%) que nos bares e restaurantes (54,6%). Finalmente cómpre sinalar que o 40,6% dos que estaban a traballar no momento de realización da enquisa o facían cun contrato a xornada parcial, dato que reafirma a tese de que este tipo de xornada é bastante habitual no sector.

Cando atendemos á táboa que refire esta cuestión ao conxunto dos traballos do enquisado na Hostalería comprobamos que as tendencias que vimos de apuntar se manteñen e mesmo se acentúan. Así, a relación entre idade e a duración da xornada é agora directamente proporcional, ascendendo a porcentaxe dos que sinalan que na súa experiencia laboral primaron os contratos a xornada completa a medida que avanzamos nos tramos de idade dende valores entorno ao 9,3% entre os menores de 30 anos ao 63,9% dos de 36 a 40 anos, e acadando o 75,8% entre os de 41 a 45 anos, para volver a situarse no 61,8% entre os de máis de 45. O mesmo acontece en función dos anos de experiencia na Hostalería, pois entre os que levan menos dun ano só o 46,1% sinala a xornada completa como a habitual (un 45,6% apunta á parcial), pero no seguinte tramo –de 1 a 3 anos- a xornada completa xa supón o 55,6% e continúa incrementándose e torno aos 5 puntos porcentuais con cada intervalo de experiencia ata acadar o 65,5% entre os que levan máis de 6 anos na Hostalería. A xornada completa volve a ser máis frecuente no aloxamento (68%) que nos bares e restaurantes (52,6%).

Pero cando preguntamos sobre o conxunto da experiencia dos enquisados observamos con maior claridade a influencia doutras dúas variables de segmentación que aparecían algo máis diluídas ao atender só ao último traballo. En primeiro lugar constatamos unha diferenza de 7 puntos porcentuais entre a porcentaxe de homes con xornada completa (60,7%) e a de mulleres (53,3%). E, por outro lado, comprobamos que canto maior é a formación específica maior é tamén a porcentaxe de contratos a xornada completa (do 69,9% da máis alta a valores entorno ao 52% dos que carecen de formación ou so teñen a manipulación de alimentos).

		E, podería dicirme que tipo de xornada laboral ten actualmente Vde. / tivo no seu último traballo en Hostalería?				
		Completa	Media xornada	Por horas	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	59,8	21,4	16,5	2,2	100,0
	Muller	55,9	22,8	19,4	1,9	100,0
	Total	57,3	22,3	18,4	2,0	100,0
Idade	Ata 25 anos	51,7	28,1	16,9	3,4	100,0
	26-30 anos	49,2	23,0	26,2	1,6	100,0
	31-35 anos	58,0	25,2	14,0	2,8	100,0
	36-40 anos	72,2	11,3	16,5	,0	100,0
	41-45 anos	64,5	17,7	16,1	1,6	100,0
	Máis de 45 anos	58,2	27,3	10,9	3,6	100,0
	Total	57,3	22,3	18,4	2,0	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	61,3	24,8	12,4	1,5	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	62,6	17,7	16,9	2,9	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	50,2	25,3	23,0	1,6	100,0
	Total	57,3	22,3	18,4	2,0	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	67,7	14,0	16,1	2,2	100,0
	Certificados de profesionalidade	46,7	28,9	22,2	2,2	100,0
	Outra non reglada	56,5	27,4	16,1	,0	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	55,8	23,3	17,8	3,1	100,0
	Sen formación específica	56,5	22,4	19,2	1,9	100,0
	Total	57,3	22,3	18,4	2,0	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	57,1	24,6	16,0	2,3	100,0
	Si, traballei no pasado	57,4	21,4	19,3	1,9	100,0
	Non, pero estou buscando	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	57,3	22,3	18,4	2,0	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	63,1	21,3	14,8	,8	100,0
	A metade da vida	62,7	19,6	12,7	4,9	100,0
	Un terzo ou menos da vida	54,2	23,2	20,8	1,7	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	57,3	22,3	18,4	2,0	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	53,4	23,3	20,4	2,9	100,0
	Entre 1 e 3 anos	52,5	23,8	21,3	2,5	100,0
	Entre 3 e 6 anos	63,2	19,8	17,0	,0	100,0
	Máis de 6 anos	63,0	21,2	13,9	1,8	100,0
	Ns/Nc	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	57,3	22,3	18,4	2,0	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	54,6	23,8	19,6	2,0	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	67,2	16,8	15,2	,8	100,0
	Outras actividades turísticas	56,1	22,7	16,7	4,5	100,0
	Ns/Nc	100,0	,0	,0	,0	100,0
	Total	57,3	22,3	18,4	2,0	100,0

Variable filtrada: aplícase só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia

		E, en xeral nos seus traballos na Hostalería, que tipo de xornada laboral tivo Vde. con máis frecuencia?				
		Completa	Media xornada	Por horas	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	60,7	20,5	13,8	4,9	100,0
	Muller	53,3	24,9	16,5	5,3	100,0
	Total	55,9	23,4	15,5	5,2	100,0
Idade	Ata 25 anos	49,4	20,2	19,1	11,2	100,0
	26-30 anos	49,2	25,1	22,0	3,7	100,0
	31-35 anos	52,4	30,1	11,9	5,6	100,0
	36-40 anos	63,9	21,6	11,3	3,1	100,0
	41-45 anos	75,8	11,3	9,7	3,2	100,0
	Máis de 45 anos	61,8	21,8	10,9	5,5	100,0
	Total	55,9	23,4	15,5	5,2	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	63,5	21,2	10,9	4,4	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	62,1	19,3	14,0	4,5	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	45,9	28,4	19,5	6,2	100,0
	Total	55,9	23,4	15,5	5,2	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	69,9	12,9	12,9	4,3	100,0
	Certificados de profesionalidade	66,7	20,0	11,1	2,2	100,0
	Outra non reglada	53,2	29,0	16,1	1,6	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	52,7	27,9	14,7	4,7	100,0
	Sen formación específica	51,9	24,0	17,2	6,8	100,0
	Total	55,9	23,4	15,5	5,2	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	60,6	24,0	10,3	5,1	100,0
	Si, traballei no pasado	54,1	23,2	17,5	5,2	100,0
	Non, pero estou buscando	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	55,9	23,4	15,5	5,2	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	64,8	19,7	11,5	4,1	100,0
	A metade da vida	62,7	23,5	9,8	3,9	100,0
	Un terzo ou menos da vida	51,6	24,5	18,2	5,8	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	55,9	23,4	15,5	5,2	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	46,1	25,7	19,9	8,3	100,0
	Entre 1 e 3 anos	55,6	24,4	15,6	4,4	100,0
	Entre 3 e 6 anos	60,4	20,8	14,2	4,7	100,0
	Máis de 6 anos	65,5	21,2	10,9	2,4	100,0
	Ns/Nc	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	55,9	23,4	15,5	5,2	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	52,6	26,1	15,7	5,6	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	68,0	15,2	13,6	3,2	100,0
	Outras actividades turísticas	54,5	21,2	18,2	6,1	100,0
	Ns/Nc	100,0	,0	,0	,0	100,0
	Total	55,9	23,4	15,5	5,2	100,0

Variable filtrada: aplícase só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia

		E no sector da Hostalería en xeral, cales cre Vde. que soen ser os tipos de xornada laboral que se fan?				
		Completa	Media xornada	Por horas	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	54,9	26,4	13,0	5,8	100,0
	Muller	44,9	30,2	20,1	4,8	100,0
	Total	48,4	28,9	17,6	5,1	100,0
Idade	Ata 25 anos	50,4	29,6	14,8	5,2	100,0
	26-30 anos	46,6	30,9	19,3	3,1	100,0
	31-35 anos	42,9	29,1	19,2	8,8	100,0
	36-40 anos	52,0	26,4	19,2	2,4	100,0
	41-45 anos	60,5	23,5	14,8	1,2	100,0
	Máis de 45 anos	44,6	31,1	13,5	10,8	100,0
	Total	48,4	28,9	17,6	5,1	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	54,4	27,5	13,5	4,7	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	48,4	28,8	16,7	6,2	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	45,2	29,7	20,7	4,3	100,0
	Total	48,4	28,9	17,6	5,1	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	52,7	25,0	15,2	7,1	100,0
	Certificados de profesionalidade	45,1	39,2	9,8	5,9	100,0
	Outra non reglada	42,9	36,4	19,5	1,3	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	45,7	27,4	22,6	4,3	100,0
	Sen formación específica	50,0	27,8	16,6	5,6	100,0
	Total	48,4	28,9	17,6	5,1	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	46,9	34,9	13,7	4,6	100,0
	Si, traballei no pasado	48,2	30,0	16,0	5,8	100,0
	Non, pero estou buscando	50,6	19,1	26,5	3,7	100,0
	Total	48,4	28,9	17,6	5,1	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	54,1	30,3	12,3	3,3	100,0
	A metade da vida	44,1	33,3	18,6	3,9	100,0
	Un terzo ou menos da vida	46,9	31,2	15,5	6,5	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	50,6	19,1	26,5	3,7	100,0
	Total	48,4	28,9	17,6	5,1	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	44,5	27,9	19,6	7,9	100,0
	Entre 1 e 3 anos	47,5	28,9	17,6	5,9	100,0
	Entre 3 e 6 anos	53,4	32,2	11,0	3,4	100,0
	Máis de 6 anos	51,4	28,9	17,3	2,3	100,0
	Ns/Nc	50,0	25,0	25,0	,0	100,0
	Total	48,4	28,9	17,6	5,1	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	46,6	31,1	16,3	6,0	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	51,4	27,7	17,5	3,4	100,0
	Outras actividades turísticas	48,5	22,2	24,2	5,1	100,0
	Ns/Nc	61,5	19,2	19,2	,0	100,0
	Total	48,4	28,9	17,6	5,1	100,0

Fonte: Elaboración propia

III.4. Salario e horas extra

2 DE CADA 3 ENQUISADOS CON EXPERIENCIA NO SECTOR TIVO HABITUALMENTE UN SALARIO DE 900 € OU MENOS AO MES, É DICIR, INFERIOR AO ESTIPULADO NO CONVENIO PROVINCIAL

Salario

	Ata 650 €	De 651 a 900 €	De 901 a 1.200 €	Máis de 1.200 €	Ns/Nc	Total
E, podería dicirme en que tramo salarial se atopa Vde. actualmente / se atopaba Vde. no seu último traballo en Hostalería?	37,8	27,3	25,1	5,7	4,1	100,0
E, en xeral nos seus traballos na Hostalería, en que tramo salarial se atopou Vde. con máis frecuencia?	30,5	35,9	23,4	2,7	7,5	100,0
E no sector da Hostalería en xeral, cales cre Vde. que soen ser os tramos salariais habituais para un posto laboral como o seu?	19,1	50,9	22,5	,6	6,9	100,0

Variables filtradas: as dúas primeiras variables aplícanse só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería, a terceira aplícase ao conxunto das persoas entrevistadas
Fonte: Elaboración propia

Ao preguntar aos enquisados con experiencia laboral polo seu soldo actual ou no último posto, o 37,8% asegura que era de 650 € ou inferior (cifra que se corresponde co salario mínimo interprofesional), o 27,3% dixo que estaba entre os 651 e os 900 € e un 25,1% sinalou que o seu salario estaba no tramo entre 901 e 1.200 €. Só un 5,7% indicou que cobraba máis de 1.200 €.



Ao referir a pregunta ao tramo salarial máis frecuente ao longo da súa vida laboral atopamos pequenas variacións, pois o máis sinalado é agora o de 651 a 900 € (35,9%) seguido do de "Ate 650 euros" (30,5%). En terceiro lugar continua o tramo de 901 a 1.200 € (23,4%) e non chegan ao 3% os que cobraron máis de 1.200 €.

Na análise destes datos débese ter en conta que o convenio colectivo do sector na provincia da Coruña fixa un salario para o posto de camareiro, o máis común entre os enquisados, de 983 €. Esta cifra é para un contrato de xornada completa, pero, como vimos, os contratos por horas ou a media xornada son moi frecuentes na vida laboral dos enquisados, e non todos ocuparon postos de camareiros, polo que para valorar este punto débese ter en conta a xornada e o posto predominantes para cada enquisado. En todo caso, é salientable que menos dun 30% dos enquisados con experiencia laboral no sector sitúe o seu soldo medio superior aos 900 €.

A percepción xeral sobre o nivel salarial no sector semella ser lixeiramente mellor que a exposta en base ás experiencias dos enquisados, aínda que segue a concentrarse nos dous tramos inferiores da escala salarial. Así, o 50,9% opina que o salario máis habitual é de 651 a 900 €, seguidos agora polo 22,5% que cre que é de 901 a 1.200 € e en terceiro lugar, o 19,1% que cre que é de ate 650 €. Os tramos salariais máis elevados neste caso non chegan nin ao 1%. É dicir, só o 23,1% dos enquisados cre que o salario habitual no sector supera os 900 €.

A pesar de todas as consideracións que acabamos de facer no comentario das frecuencias, e téndoas sempre presentes, na análise das táboas de segmentación é posible observar variacións significativas en función de varias das variables de cruce que vimos manexando habitualmente. A agrupación dos catro tramos salariais en dous (ata 900 € e máis de 900 €) facilita a percepción destas tendencias.

A primeira delas é a que nos mostra como a porcentaxe de mulleres que cobran 900€ ou menos é 15 puntos porcentuais máis alta que a dos homes (70,5% vs. 55,4%), manténdose esta diferencia cando preguntamos polo tramo salarial habitual no conxunto da experiencia laboral dos enquisados (71,7% das mulleres sitúanse nos dous tramos máis baixos cando esta porcentaxe entre os homes é do 56,7%).

A idade volta a ser determinante, pois tres de cada catro enquisados de menos de 30 anos sitúan o salario do seu último posto de traballo por debaixo dos 900. Esta porcentaxe baixa 10 puntos porcentuais o seguinte intervalo de idade (65% entre os de 31 a 36 anos), sendo na cohorte de 36 a 40 anos onde rexistra a súa cifra máis baixa (45,4%) de xeito tal que este é o único segmento no que son maioría os que cobran máis de 900 € ao mes (52,6%). Entre os de máis de 40 anos volven a ser maioría os enquisados con salarios por debaixo dos 900 € con porcentaxes entre os 54,8% e o 61,8%.

Como é lóxico e acostuma a acontecer ao longo de todo o informe, a relación entre esta variable e a idade do enquisado vai acompañada dunha relación cos anos de experiencia no sector, de modo tal que a porcentaxe de enquisados con salarios situados nos dous tramos inferiores é máis alta canto menor é a súa experiencia na Hostalería, pasando do 76,6% entre os de menos dun ano ao 51,8% entre os de máis de 6 anos, establecéndose un claro punto de inflexión a partir dos tres anos de experiencia, pois pasamos dun 70% entre os de 1 a tres anos, a un 56,6% entre os de 3 a 6 anos.

A pesar de que cando lle preguntabamos se a formación recibida lle fora de utilidade para acadar unha mellora salarial a maioría dos enquisados non percibían esta utilidade, o certo é que os enquisados coa maior formación específica son os que presentan as menores porcentaxes de salarios de ata 900€, se ben entre eles está tamén é a situación máis frecuente (50,5% fronte a un 43% que se sitúa nos dous tramos superiores). Nos restantes tramos formativos os enquisados que gañan ata 900€ supoñen entre o 63% e o 69%.

En canto a rama específica, e en relación ao último posto de traballo, comprobamos como os salarios de ata 900€ son os maioritarios en ambas, se ben son aínda máis comúns nos bares e restaurantes (66,7%) que nos aloxamentos (60%). Finalmente cómpre sinalar que o 60% dos que estaban a traballar no momento de realización da enquisa o facían cun salario de 900 ou menos euros..

Cando preguntamos sobre o conxunto dos seus traballos na Hostalería comprobamos como se manteñen as tendencias que acabamos de relatar, e o mesmo acontece ao preguntar polo sector da Hostalería en xeral.

		E, podería dicirme en que tramo salarial se atopa Vde. actualmente / se atopaba Vde. no seu último traballo en Hostalería?					
		Ata 650 €	De 651 a 900 €	De 901 a 1.200 €	Máis de 1.200 €	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	29,9	25,4	30,4	8,0	6,3	100,0
	Muller	42,1	28,3	22,3	4,4	2,9	100,0
	Total	37,8	27,3	25,1	5,7	4,1	100,0
Idade	Ata 25 anos	44,9	29,2	18,0	3,4	4,5	100,0
	26-30 anos	44,5	30,9	15,7	3,7	5,2	100,0
	31-35 anos	36,4	28,7	27,3	5,6	2,1	100,0
	36-40 anos	23,7	21,6	44,3	8,2	2,1	100,0
	41-45 anos	29,0	25,8	30,6	9,7	4,8	100,0
	Máis de 45 anos	41,8	20,0	23,6	7,3	7,3	100,0
	Total	37,8	27,3	25,1	5,7	4,1	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	34,3	28,5	28,5	5,1	3,6	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	32,9	28,0	27,2	6,6	5,3	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	44,4	26,1	21,4	5,1	3,1	100,0
	Total	37,8	27,3	25,1	5,7	4,1	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	28,0	22,6	35,5	7,5	6,5	100,0
	Certificados de profesionalidade	31,1	35,6	22,2	8,9	2,2	100,0
	Outra non reglada	38,2	25,0	30,9	4,4	1,5	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	31,7	35,8	22,8	6,5	3,3	100,0
	Sen formación específica	44,2	24,7	22,1	4,5	4,5	100,0
	Total	37,8	27,3	25,1	5,7	4,1	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	33,7	26,3	26,9	9,1	4,0	100,0
	Si, traballei no pasado	39,4	27,7	24,5	4,3	4,1	100,0
	Non, pero estou buscando	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	37,8	27,3	25,1	5,7	4,1	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	23,8	27,9	35,2	8,2	4,9	100,0
	A metade da vida	28,4	25,5	32,4	8,8	4,9	100,0
	Un terzo ou menos da vida	44,3	27,6	20,3	4,1	3,6	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	37,8	27,3	25,1	5,7	4,1	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	49,8	26,8	16,1	3,9	3,4	100,0
	Entre 1 e 3 anos	38,8	31,3	24,4	1,3	4,4	100,0
	Entre 3 e 6 anos	31,1	25,5	33,0	8,5	1,9	100,0
	Máis de 6 anos	26,5	25,3	31,9	10,2	6,0	100,0
	Ns/Nc	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	37,8	27,3	25,1	5,7	4,1	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	39,3	27,4	24,3	4,9	4,0	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	31,2	28,8	28,8	8,8	2,4	100,0
	Outras actividades turísticas	40,9	22,7	24,2	4,5	7,6	100,0
	Ns/Nc	,0	100,0	,0	,0	,0	100,0
	Total	37,8	27,3	25,1	5,7	4,1	100,0

Variable filtrada: aplícase só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia

		E, en xeral nos seus traballos na Hostalería, en que tramo salarial se atopou Vde. con máis frecuencia?					
		Ata 650 €	De 651 a 900 €	De 901 a 1.200 €	Máis de 1.200 €	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	23,7	33,0	29,9	4,0	9,4	100,0
	Muller	34,1	37,5	19,9	1,9	6,5	100,0
	Total	30,5	35,9	23,4	2,7	7,5	100,0
Idade	Ata 25 anos	33,7	37,1	15,7	1,1	12,4	100,0
	26-30 anos	38,2	38,7	14,7	1,6	6,8	100,0
	31-35 anos	28,0	36,4	26,6	2,1	7,0	100,0
	36-40 anos	22,7	25,8	42,3	3,1	6,2	100,0
	41-45 anos	19,4	43,5	25,8	4,8	6,5	100,0
	Máis de 45 anos	30,9	32,7	21,8	7,3	7,3	100,0
	Total	30,5	35,9	23,4	2,7	7,5	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	25,5	46,0	20,4	2,2	5,8	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	25,9	37,4	25,9	2,5	8,2	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	37,4	29,2	22,6	3,1	7,8	100,0
	Total	30,5	35,9	23,4	2,7	7,5	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	21,5	29,0	36,6	4,3	8,6	100,0
	Certificados de profesionalidade	26,7	51,1	17,8	2,2	2,2	100,0
	Outra non reglada	32,4	36,8	25,0	1,5	4,4	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	30,9	39,8	21,1	3,3	4,9	100,0
	Sen formación específica	33,1	34,1	20,8	2,3	9,7	100,0
	Total	30,5	35,9	23,4	2,7	7,5	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	22,9	40,0	27,4	4,6	5,1	100,0
	Si, traballei no pasado	33,3	34,4	21,9	1,9	8,4	100,0
	Non, pero estou buscando	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	30,5	35,9	23,4	2,7	7,5	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	15,6	36,9	35,2	6,6	5,7	100,0
	A metade da vida	22,5	37,3	29,4	4,9	5,9	100,0
	Un terzo ou menos da vida	36,8	35,4	18,4	1,0	8,5	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	30,5	35,9	23,4	2,7	7,5	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	42,9	30,2	16,1	,5	10,2	100,0
	Entre 1 e 3 anos	30,6	41,3	20,6	,0	7,5	100,0
	Entre 3 e 6 anos	25,5	36,8	28,3	4,7	4,7	100,0
	Máis de 6 anos	18,1	37,3	31,9	6,6	6,0	100,0
	Ns/Nc	,0	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	30,5	35,9	23,4	2,7	7,5	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	31,5	36,0	21,8	2,2	8,5	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	26,4	36,8	28,8	4,8	3,2	100,0
	Outras actividades turísticas	31,8	33,3	24,2	1,5	9,1	100,0
	Ns/Nc	,0	100,0	,0	,0	,0	100,0
	Total	30,5	35,9	23,4	2,7	7,5	100,0

Variable filtrada: aplícase só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia

		E no sector da Hostalería en xeral, cales cre Vde. que soen ser os tramos salariais habituais para un posto laboral como o seu?					
		Ata 650 €	De 651 a 900 €	De 901 a 1.200 €	Máis de 1.200 €	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	15,2	45,5	31,0	,7	7,6	100,0
	Muller	21,2	53,7	18,0	,6	6,5	100,0
	Total	19,1	50,9	22,5	,6	6,9	100,0
Idade	Ata 25 anos	19,1	57,4	19,1	,0	4,3	100,0
	26-30 anos	26,0	50,2	17,9	1,3	4,5	100,0
	31-35 anos	13,7	53,8	26,9	,5	4,9	100,0
	36-40 anos	18,4	48,8	26,4	,8	5,6	100,0
	41-45 anos	14,8	50,6	25,9	,0	8,6	100,0
	Máis de 45 anos	17,6	39,2	20,3	,0	23,0	100,0
	Total	19,1	50,9	22,5	,6	6,9	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	15,8	52,0	24,6	,0	7,6	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	17,0	51,6	22,5	,7	8,2	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	22,9	49,5	21,4	,9	5,3	100,0
	Total	19,1	50,9	22,5	,6	6,9	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	7,1	55,4	26,8	1,8	8,9	100,0
	Certificados de profesionalidade	17,6	52,9	25,5	,0	3,9	100,0
	Outra non reglada	18,1	50,6	25,3	,0	6,0	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	17,8	50,6	25,0	,0	6,7	100,0
	Sen formación específica	23,8	49,5	19,0	,8	7,0	100,0
	Total	19,1	50,9	22,5	,6	6,9	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	20,6	51,4	22,3	,0	5,7	100,0
	Si, traballei no pasado	18,6	48,8	23,8	1,1	7,8	100,0
	Non, pero estou buscando	19,1	56,2	19,1	,0	5,6	100,0
	Total	19,1	50,9	22,5	,6	6,9	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	8,2	54,1	33,6	,8	3,3	100,0
	A metade da vida	14,7	48,0	32,4	1,0	3,9	100,0
	Un terzo ou menos da vida	23,4	48,6	18,1	,7	9,2	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	19,1	56,2	19,1	,0	5,6	100,0
	Total	19,1	50,9	22,5	,6	6,9	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	24,6	51,1	16,7	1,1	6,4	100,0
	Entre 1 e 3 anos	22,1	47,5	21,1	,0	9,3	100,0
	Entre 3 e 6 anos	16,1	47,5	31,4	,0	5,1	100,0
	Máis de 6 anos	9,2	54,0	29,9	1,1	5,7	100,0
	Ns/Nc	20,0	62,5	10,0	,0	7,5	100,0
	Total	19,1	50,9	22,5	,6	6,9	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	19,1	50,6	22,3	,4	7,6	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	14,1	50,3	27,1	1,1	7,3	100,0
	Outras actividades turísticas	30,3	46,5	19,2	1,0	3,0	100,0
	Ns/Nc	11,5	76,9	7,7	,0	3,8	100,0
	Total	19,1	50,9	22,5	,6	6,9	100,0

Fonte: Elaboración propia

MÁIS DA METADE DOS ENTREVISTADOS CON EXPERIENCIA LABORAL NO SECTOR SINALAN QUE NO SEU ÚLTIMO TRABALLO REALIZARON HORAS EXTRA

UN 54,4% DELES AFIRMA QUE NUNCA AS COBROU E UN 9% QUE O FIXO SÓ OCASIONALMENTE

No seu traballo actual / no seu último traballo en Hostalería fanse / facíanse horas extra?

	Frecuencia	Porcentaxe
Normalmente si	343	53,8
Si, ocasionalmente	47	7,4
Non	239	37,5
Ns/Nc	8	1,3
Total	637	100,0

Variable filtrada: aplícase só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia

E, cóbraas / cobrábaas Vde.?

	Frecuencia	Porcentaxe
Normalmente si	143	36,7
Si, ocasionalmente	35	9,0
Non	212	54,4
Total	390	100,0

Variable filtrada: aplícase só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería e afirma ter feito horas extra no seu último traballo
Fonte: Elaboración propia





O 53,8% dos enquisados que traballaron no sector da Hostalería manifestan que no seu actual traballo ou no último que tiveron adoitábanse facer horas extra. A isto debemos engadir outro 7,4% que afirma que ocasionalmente tamén fixeron horas extra, polo que a porcentaxe final se sitúa no 61,2%, mentres un 37,5% non realiza ou realizou horas extra no seu actual ou último traballo.

O dato, que nos indica unha situación de precariedade laboral no sector da Hostalería compostelán, ven da man do feito de que entre os que si fixeron horas extras un 54,4% dixo non habelas cobrado, porcentaxe a que se pode engadir o 9% que sostivo que as cobraba só ocasionalmente.

Así as cousas, só o 36,7% aseguraron que normalmente si as cobraron.

A táboa de continxencia amosa como a realización de horas extra -habitual ou ocasionalmente- no último traballo é máis frecuente entre os homes (68,8% por un 57,1% entre as mulleres). Tamén o é nos tramos centrais de idade (con porcentaxes entre 64,5% e o 70,1% dos enquisados de 31 a 45 anos) mentres no caso dos menores de 25 anos esta cifra é do 55,1% e nos de máis de 45 anos do 52,7%.

Tamén en función da formación específica comprobamos que se trata dunha práctica máis frecuente entre os enquisados que carecen de formación regrada oficial (con cifras entre o 56,5% e o 64,6% fronte ao 47,3% dos que contan co maior nivel formativo).

Atendendo aos anos de experiencia no sector observamos que a realización de horas extras é maioritaria nos catro tramos definidos, se ben acada maiores cotas entre os que levan máis de tres anos no sector (64,2% fronte ao 57,8% dos que levan menos dun ano).

En todo caso, a variable que semella exercer unha maior influencia neste punto é a rama específica de actividade, pois a realización de horas extras no ámbito dos bares e restaurantes (67,6%) supera en 20 puntos porcentuais á colleitada no aloxamento (47,2%), onde o máis frecuente é non realizalas (52%).

Como acabamos de sinalar no comentario das frecuencias, o dato que mellor indica a situación de precariedade laboral no sector da Hostalería compostelán ven da man do feito de que entre os que si fixeron horas extras só o 36,7% acostuma a cobralas. En todos os segmentos analizados son máis os que poñen de manifesto que non cobran esas horas extras realizadas que os que afirman que habitualmente si as cobran. A única excepción atopámola entre os menores de 25 anos, xustamente o segmento con menor porcentaxe de enquisados que realizan horas extra, pois nel un 53,1% declaran que si as cobran. Esta porcentaxe redúcese drasticamente entre os enquisados de máis de 35 anos, ficando no 32,5% entre os de 36 a 45 anos, e caendo ata o 17,2% entre os de máis de 45 anos.

En todos os demais segmentos a porcentaxe dos que normalmente cobran as horas extras realizadas fica por debaixo do 45,5% rexistrado entre os que estaban a traballar no momento da realización da enquisa.

Poñendo en relación as dúas variables que acabamos de analizar comprobamos que un 56,6% dos enquisados que estaban traballando no momento da realización da enquisa fan horas extras habitual ou ocasionalmente, pero só o 45,5% destes acostuma a cobralas, deixando constancia de que, lonxe de ser unha práctica do pasado, a realización de horas extra sen recibir nada a cambio segue a estar moi presente no sector hostaleiro compostelán, especialmente no ámbito dos bares e restaurantes (onde o 67,6% realizaron horas extra no seu último posto de traballo pero só o 37,2% as cobrou con normalidade).

		No seu traballo actual / no seu último traballo en Hostalería fanse / facíanse horas extra?				
		Normalmente si	Si, ocasionalmente	Non	Ns/Nc	Total
Sexo	Home	58,0	10,7	29,0	2,2	100,0
	Muller	51,6	5,6	42,1	,7	100,0
	Total	53,8	7,4	37,5	1,3	100,0
Idade	Ata 25 anos	49,4	5,6	41,6	3,4	100,0
	26-30 anos	52,9	4,2	41,9	1,0	100,0
	31-35 anos	60,1	6,3	32,2	1,4	100,0
	36-40 anos	56,7	13,4	29,9	,0	100,0
	41-45 anos	54,8	9,7	33,9	1,6	100,0
	Máis de 45 anos	41,8	10,9	47,3	,0	100,0
	Total	53,8	7,4	37,5	1,3	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	53,3	8,0	37,2	1,5	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	50,6	7,0	40,7	1,6	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	57,2	7,4	34,6	,8	100,0
	Total	53,8	7,4	37,5	1,3	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	41,9	5,4	50,5	2,2	100,0
	Certificados de profesionalidade	55,6	8,9	33,3	2,2	100,0
	Outra non reglada	53,2	3,2	43,5	,0	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	51,9	12,4	34,1	1,6	100,0
	Sen formación específica	58,1	6,5	34,4	1,0	100,0
	Total	53,8	7,4	37,5	1,3	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	50,3	6,3	41,7	1,7	100,0
	Si, traballei no pasado	55,2	7,8	35,9	1,1	100,0
	Non, pero estou buscando	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	53,8	7,4	37,5	1,3	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	48,4	10,7	40,2	,8	100,0
	A metade da vida	63,7	7,8	25,5	2,9	100,0
	Un terzo ou menos da vida	53,0	6,3	39,7	1,0	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	53,8	7,4	37,5	1,3	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	52,4	5,3	40,8	1,5	100,0
	Entre 1 e 3 anos	53,8	6,9	37,5	1,9	100,0
	Entre 3 e 6 anos	58,5	5,7	35,8	,0	100,0
	Máis de 6 anos	52,7	11,5	34,5	1,2	100,0
	Ns/Nc	,0	,0	,0	,0	,0
	Total	53,8	7,4	37,5	1,3	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	58,9	8,8	31,2	1,1	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	44,8	2,4	52,0	,8	100,0
	Outras actividades turísticas	37,9	7,6	51,5	3,0	100,0
	Ns/Nc	,0	,0	100,0	,0	100,0
	Total	53,8	7,4	37,5	1,3	100,0

Variable filtrada: aplícase só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia

		E, en caso afirmativo, cóbraas / cobrábaas Vde.?			
		Normal-mente si	Si, ocasio-nalmente	Non	Total
Sexo	Home	39,0	9,7	51,3	100,0
	Muller	35,2	8,5	56,4	100,0
	Total	36,7	9,0	54,4	100,0
Idade	Ata 25 anos	53,1	8,2	38,8	100,0
	26-30 anos	35,8	12,8	51,4	100,0
	31-35 anos	40,0	6,3	53,7	100,0
	36-40 anos	32,4	7,4	60,3	100,0
	41-45 anos	32,5	2,5	65,0	100,0
	Máis de 45 anos	17,2	17,2	65,5	100,0
	Total	36,7	9,0	54,4	100,0
Nivel de estudos	1º Ciclo (Primaria/Ens. Xeral Secundaria)	38,1	11,9	50,0	100,0
	2º Ciclo (Bach./COU/FP)	36,4	5,7	57,9	100,0
	3º Ciclo (Universitarios)	36,1	10,2	53,6	100,0
	Total	36,7	9,0	54,4	100,0
Formación específica no sector da Hostalería	Reglada oficial, Ciclo Medio/Sup.	38,6	11,4	50,0	100,0
	Certificados de profesionalidade	41,4	6,9	51,7	100,0
	Outra non reglada	42,9	11,4	45,7	100,0
	Só manipulaciós de alimentos	42,2	8,4	49,4	100,0
	Sen formación específica	32,2	8,5	59,3	100,0
	Total	36,7	9,0	54,4	100,0
Traballa ou traballou na Hostalería	Si, traballo actualmente	45,5	10,1	44,4	100,0
	Si, traballei no pasado	33,7	8,6	57,7	100,0
	Non, pero estou buscando	,0	,0	,0	,0
	Total	36,7	9,0	54,4	100,0
Tempo de vida laboral na Hostalería	Máis da metade da vida	36,1	11,1	52,8	100,0
	A metade da vida	38,4	8,2	53,4	100,0
	Un terzo ou menos da vida	36,3	8,6	55,1	100,0
	Nunca traballou na Hostalería	,0	,0	,0	,0
	Total	36,7	9,0	54,4	100,0
Tempo de traballo ou busca de emprego no sector	Menos de 1 ano	43,7	2,5	53,8	100,0
	Entre 1 e 3 anos	32,0	13,4	54,6	100,0
	Entre 3 e 6 anos	36,8	11,8	51,5	100,0
	Máis de 6 anos	33,0	10,4	56,6	100,0
	Ns/Nc	,0	,0	,0	,0
	Total	36,7	9,0	54,4	100,0
Rama na que traballa / traballaba / busca emprego	Restaurantes e Bares	37,2	10,0	52,8	100,0
	Aloxamentos e Hoteis	37,3	6,8	55,9	100,0
	Outras actividades turísticas	30,0	3,3	66,7	100,0
	Ns/Nc	,0	,0	,0	,0
	Total	36,7	9,0	54,4	100,0

Variable filtrada: aplícase só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería e afirma ter feito horas extra no s traballo

Fonte: Elaboración propia

SÓ UN DE CADA CATRO NON FIXO HORAS EXTRA AO LONGO DA SÚA EXPERIENCIA NO SECTOR ENTRE OS QUE AS FIXERON O 60,2% NON AS COBRABA E O 15,4% SÓ OCASIONALMENTE

E, en xeral nos seus traballos na Hostalería, facíanse horas extra?

	Frecuencia	Porcentaxe
Normalmente si	395	62,0
Si, ocasionalmente	47	7,4
Non	161	25,3
Ns/Nc	34	5,3
Total	637	100,0

Variable filtrada: aplícase só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería
Fonte: Elaboración propia

E, acostumaba a cobralas Vde.?

	Frecuencia	Porcentaxe
Normalmente si	108	24,4
Si, ocasionalmente	68	15,4
Non	266	60,2
Total	442	100,0

Variable filtrada: aplícase só a quen ten experiencia laboral no sector da Hostalería e afirma ter feito horas extra, en xeral, nos seus traballos no sector
Fonte: Elaboración propia





A situación é aínda máis precaria cando preguntamos polo conxunto da experiencia laboral, pois ao preguntarlles aos enquisados pola súa experiencia en xeral no sector as porcentaxes dos que normalmente facían horas extras increméntase ata o 62%, ao que se engade o 7,4% dos que as facían ocasionalmente (69,4%), mentres só un 25,3% non as fixo.

Pero este incremento aínda é maior cando preguntamos se acostumaba a cobralas, pois a porcentaxe dos que agora sinalan que non é do 60,2%, ao tempo que un 15,4% sinala que só as cobraba ocasionalmente, polo que cobrar as horas extras realizadas só era habitual para o 24,4% dos que as realizaron.

Cando pasamos do último traballo á súa experiencia en xeral nos traballos na Hostalería comprobamos como se manteñen as tendencias xa comentadas, pero con maiores porcentaxes de realización de horas extras. Así, a realización de horas extra –habitual ou ocasionalmente- segue sendo máis frecuente entre os homes (75%) que entre as mulleres (66,3%) se ben é unha práctica maioritaria en ambos casos. Tamén volve a ser nos tramos centrais de idade onde atopamos as maiores porcentaxes, especialmente entre os 36 e os 45 anos (con cifras entorno ao 78%) mentres que entre os de menos de 25 anos esta porcentaxe é do 60,7% e do 55,1% é nos de máis de 45 anos do 63,6%.

Igualmente, en función da formación específica comprobamos como é unha práctica máis frecuente entre os enquisados que carecen de formación regrada oficial (con cifras entre o 70% e o 76% fronte ao 62,4% dos que contan co maior nivel formativo).

Tamén se nos mostra claramente a relación ente os anos de experiencia no sector e a realización de horas extras, pois aínda que é maioritaria nos catro tramos definidos, podemos comprobar como a súa realización é máis habitual cantos máis anos se leva no sector, pasando do 58,15% entre os que levan menos dun ano ao 81,8% entre os que levan máis de seis.

Se ben cando preguntamos pola experiencia xeral na Hostalería comprobamos que en ambas ramas a resposta afirmativa é maioritaria, de novo temos que volver a destacar que a realización de horas extras no ámbito dos bares e restaurantes (75,1%) supera amplamente á colleitada no aloxamento (58,4%).

Do mesmo xeito é como acabamos de sinalar no comentarios das frecuencias, a situación de precariedade laboral no sector da Hostalería compostelán é aínda máis intensa cando preguntamos polo conxunto da experiencia no sector, pois son máis os que fixeron habitualmente horas extras e menor a porcentaxe dos que acostuman a cobralas con normalidade, pois agora non pasa do 24,4% para o conxunto da mostra. En todos os segmentos analizados son máis os que poñen de manifesto que non cobran esas horas extras realizadas que os que afirman que habitualmente si as cobran, pois estes só en tres segmentos acadan porcentaxes superiores ao 30% e nunca acadan o 40%.

- ✓ Ao indagar sobre a importancia que os enquisados cren que lle dan os empregadores á formación, os resultados volven ser predominantemente negativos. O 53,7% dos enquisados con experiencia laboral cre que a súa formación para o posto de traballo que desempeñan é pouco ou nada valorada pola empresa (fronte ao 39,7% que cre que a súa formación é moi ou bastante valorada polo empregador). Estas porcentaxes varían pouco ao estender a pregunta ao conxunto da vida laboral dos enquisados con experiencia no sector (55,3% e 35,6%, respectivamente).
- ✓ Os datos destas variables están en liña cos observados ao respecto da escasa utilidade que os enquisados lle atribúen á súa formación para acadar un posto de traballo, un ascenso laboral ou un incremento salarial. Non en van, a plasmación práctica dun sector que valora a formación dos seus profesionais é que esta conte positivamente á hora de tomar decisións sobre a selección de persoal, a promoción interna do mesmo, e as remuneracións a percibir. Os datos recollidos entre os profesionais do sector indican que, de momento, esta situación non se produce de forma xeral no sector hostaleiro compostelá.

XPERIENCIA LABORAL E CONDICIÓNS DE TRABALLO

Experiencia laboral

79,8% dos entrevistados teñen experiencia profesional no sector, máis da metade están actualmente en paro aínda traballaron no pasado neste ramo (57,9%), ao tempo que un 21,9% esta actualmente traballando no sector. A mostra completase cun 20,3% que nunca traballou na Hostalería pero está buscando actualmente emprego nesta rama do sector servizos.

lgo máis de seis de cada dez enquisados sinalan que a rama do sector na que teñen experiencia laboral ou na que a desexan adquirir é a de restaurantes e bares. En segundo lugar un 22,1% indica traballar, ter traballado ou estar buscando emprego no ámbito dos aloxamentos e hoteis. As demais categorías non superan en ningún caso o 5% das respostas.

47,3% das persoas entrevistadas traballaron, traballan ou lles gustaría traballar como camareiros, auxiliares de camareiro, baristas ou cocteleiros. En segundo lugar, aínda cunha porcentaxe xa moi inferior (15,9%) temos a aqueles con experiencia ou que desexan adquirila na cociña. Outros postos citados con porcentaxes por debaixo do 10% foron o de recepcionista (8,6%) e o de camareiro de piso ou limpeza (6,4%).

33,1% dos entrevistados traballou, leva traballando ou buscando traballo na Hostalería menos de 1 ano. Para o 25,5% a súa experiencia no sector é de 1 a 3 anos. Finalmente, un 36,4% dos enquisados teñen unha experiencia laboral ou de busca de emprego neste sector superior aos 3 anos (un 14,8% de entre 3 e 6 anos, e un 21,6% de máis de 6 anos). Evidentemente os anos de experiencia no sector están moi vinculados á idade do enquisado, de modo que entre os menores de 30 anos a porcentaxe dos que levan menos dun ano no sector supera o 40%, mentres no caso dos que teñen máis de 35 anos fica por debaixo do 24%.

51,8% dos enquisados leva un terzo da súa vida laboral traballando na Hostalería, o 20,3% nunca traballou no sector, mentres que o 28,1% dos enquisados leva nel a metade ou máis da súa vida laboral. Estes datos, e os que veremos ao analizar os tipos de contratos predominantes no sector e a súa duración, están a indicar a existencia, e mesmo a prevalencia, de traxectorias laborais “inestables” con numerosas entradas e saídas no sector, ligadas a pouca estabilidade laboral e á temporalidade da que adoece a Hostalería, pero posiblemente tamén á consideración do emprego neste ámbito como algo pasaxeiro que proporciona unha fonte temporal de ingresos, pero sen a perspectiva dunha carreira profesional a longo prazo. Esta falta de perspectiva profesional de parte dos traballadores do sector está ligada tamén a aspectos xa analizados, como a falta de formación específica no sector e a falta de interese por formarse para o mesmo.

- ✓ A segunda resposta máis mencionada aínda que con porcentaxes xa por debaixo do 20% é a do emprego dos medios de comunicación, Internet e a prensa: 13,5% para o último posto, o 16,5% no conxunto dos seus traballos en Hostalería e o 18,4% para o sector en xeral. As demais porcentaxes de resposta non chegan ao 7%, sendo as ETTs a terceira vía máis citada, con porcentaxes entre o 3,1% e o 6,9%.

A prevalencia da selección de persoal por vías informais pode estar a xerar consecuencias sobre as condicións do traballo, as canles de ascenso e mesmo o nivel formativo ou o interese na formación, pois, cando se accede por amiguismo ou enchufismo a formación deixa de ter valor para a selección de persoal e a configuración da carreira profesional na empresa.

Por ramas de actividade o predominio dos medios propios como canles de acceso ao traballo é total en ambos, se ben é aínda máis forte no ámbito dos bares e restaurantes (79,6% por un 69,8% en aloxamentos). Esta diferenza prodúcese pola maior presenza das ETTs no ámbito do aloxamento, onde son citadas polo 11,1% mentres non pasa do 3,1% entre os vinculados á restauración.

- ✓ Aínda que o recurso ao emprego das ETTs como vía para a selección do persoal é relativamente escaso, o 57,3% dos enquisados valora positivamente a participación destas empresas fronte a un 37,1% que o fai negativamente.
- ✓ A idade exerce unha clara influencia nesta valoración, pois entre os menores de 25 anos as opinións positivas sitúanse no 74,8%, mentres as negativas se reducen ao 21,8% nesta cohorte de idade. Pola contra, entre os maiores de 45 e os de 31 a 35 anos, as opinións positivas non pasan do 48,6%.

- Tipo de contratación e temporalidade

- ✓ O 57,7% dos entrevistados manifestan que o seu contrato actual ou o último que tiveron é de carácter temporal e o 61,3% afirma que a maioría dos seus contratos en Hostalería foron igualmente temporais. E cando se lles pregunta polo sector en xeral a percepción de que o tipo de contrato máis empregado é o temporal ascende ao 79,3%. En relación ao último posto ocupado o segundo tipo de contrato máis citado é o indefinido, aínda que só cun 19,7%. Outro 18% afirma que ese tipo de contrato era o habitual no que respecta a súa experiencia laboral. Esta cifra vese reducida drasticamente ao preguntar pola práctica habitual no sector, caendo ata o 3,5% a porcentaxe dos que creen que o contrato indefinido é o máis habitual no sector. Os restantes tipos de contrato (Fixo-discontinuo e Prácticas) presentan porcentaxes inferiores ao 8%. Cabe salientar que o 9,4% dos enquisados di que no seu último posto traballou sen contrato, o 7,2% que así foi na maioría dos seus traballos en Hostalería.

  O contrato temporal é, por moito, o tipo de contrato más frecuente en todos os segmentos, con porcentaxes practicamente sempre superiores ao 50%. En todo caso, podemos apreciar diferenzas significativas no tipo de contrato en función dalgunhas variables de cruces. Estas diferenzas aprécianse mellor ao atender á porcentaxe de enquisados con contratos indefinidos. Entre os homes a porcentaxe dos que tiñan ou teñen no seu último posto de traballo un contrato indefinido é do 25,9%, porcentaxe que entre as mulleres cae ata o 16,4%.

Neste punto a formación específica non semella ser de axuda para incrementar as probabilidades de firmar un contrato indefinido. Onde si se atopa relación é en función da experiencia no sector, pois atendendo aos anos de vinculación coa Hostalería, observamos que só un 2,9% dos que levan menos dun ano firmaron un contrato indefinido, porcentaxe que se sitúa no 17,4% entre os que levan entre 1 e 3 anos, e que continua ascendendo ata valores na orde do 34% nos dous tramos de máis de tres anos. Outra diferenza a destacar é que os contratos indefinidos son aínda menos frecuentes entre os enquisados vinculados á rama de aloxamentos e hoteis (12,7% vs. 21,3% de bares e restaurantes).

Finalmente cómpre poñer o foco de atención no terceiro tipo de *"contrato"* máis común no último posto de traballo dos enquisados: o "sen contrato". Esta situación non chega ao 10% do conxunto da mostra, pero pola súa especial situación convén ser tida en conta. As porcentaxes dos que manifestan que no seu último traballo estaban sen contrato son máis elevadas xustamente naqueles segmentos onde hai unha menor presenza de contratos indefinidos. Así, en función do xénero un 10,1% das mulleres traballaron sen contrato no seu último posto fronte a un 8% dos homes que experimentou a mesma situación. Situación que se produce entre o 1,7% dos que actualmente traballan pero na que estaban no seu último posto de traballo o 12,3% dos que traballaron no pasado. Por ramas a porcentaxe de enquisados que traballou sen contrato é maior no ámbito dos bares e restaurantes (11,2% vs. 7,1% nos aloxamentos).

- ✓ Preguntados especificamente sobre a práctica de traballar sen contrato no sector dous de cada tres enquisados (o 66,1%) considera que está é unha práctica moi (28,5%) ou bastante habitual (37,6%). En senso contrario manifesta a súa opinión un 24,8% ao afirmar que e é algo pouco (19,5%) ou nada (5,3%) habitual. Cómpre sinalar que os datos obtidos nesta variable e na anterior non son directamente comparables, dado que na anterior preguntábamos polo contrato "máis" habitual, mentres que aquí afondamos sobre se é máis ou menos frecuente un tipo de "contratación".

Aínda que a percepción da frecuencia desta práctica é maioritaria en todos os segmentos de poboación analizados, podemos comprobar que por idades é percibida como práctica habitual por entorno ao 70% dos enquisados das tres cohortes de 35 ou menos anos, fronte a porcentaxes entre o 50% e o 55% nas tres de máis idade. Comprobamos tamén que esta afirmación é mais frecuente entre os que non teñen formación específica no sector (69,5%). E, finalmente, observamos que acada maiores porcentaxes na rama de restauración e bares (69,9%) que na de aloxamento (55,6%).

- ✓ Os datos sobre o número de contratos no último ano móstranse tamén como un claro indicador da temporalidade no sector. Tres de cada dez enquisados non traballaron o pasado ano (34,5%), e se ben outros tantos tiveron un único contrato (32,9%), esta cifra non é indicativa dunha permanencia no tempo pois o 51% dos enquisados cun único contrato ao longo do 2015 non estaban traballando no momento da realización da enquisa. En terceiro lugar atopamos aos que tiveron 2 contratos (11,9%), seguidos dos que traballaron pero sen contrato (7,2%), os que tiveron entre 3 e 5 contratos (6,7%), o 3,1% que tivo entre 6 e 10 contratos e, por último o 2,7% que tiveron máis de 10 contratos.

Estes datos, xunto cos da duración media dos contratos afondan na hipótese da inestabilidade e a temporalidade da contratación no sector da Hostalería.

- ✓ O 60% dos entrevistados tiveron na súa experiencia laboral na Hostalería contratos cunha duración media que non superou os 6 meses, sendo os máis frecuentes os de 3 ou 6 meses de duración (15,2% e 14,4%, respectivamente). Estas cifras son moi similares ás dos que tiveron contratos cunha duración media dun mes ou menos (14,4%). No extremo oposto un 16,9% tivo contratos cunha duración media superior a 1 ano, e un 17,9% tivo contratos de entre 9 meses e 1 ano. Estes datos volven a ser un claro indicador do peso da contratación temporal no sector hostaleiro compostelán.

Á hora de analizar a duración media dos contratos que os enquisados tiveron ao longo da súa vida laboral a idade resulta clave. Entre os enquisados máis novos un 75,3% declara que a duración media dos seus contratos non pasou dos 6 meses. Esta cifra baixa ata o 38,2% entre os enquisados de máis de 45 anos.

- ✓ Un 8,9% dos enquisados nunca tivo un contrato de máis dun mes. Se agregamos a todos os que afirman que o seu contrato más longo non superou os seis meses a cifra acada o 43,9%, e se ampliamos a duración ata os 12 meses, comprobamos que un 62,9% nunca firmou un contrato por máis de un ano. Así as cousas, constátase que mesmo ao preguntar polos contratos máis longos entre os enquisados predominan os temporais, pois só un 33,5% dos mesmos firmou algunha vez un contrato de máis dun ano.

Evidentemente canto máis tempo se leve nun sector maior será a probabilidade de ter asinado un contrato de longa duración. Así, e atendendo ás porcentaxes de aqueles que firmaron nalgunha ocasión un contrato de más dun ano, podemos ver como estas se van incrementando dende o 0% dos que levan menos dun ano ata o 66,1% dos que levan máis de 6 anos, pasando polo 26,1% dos de 1 a 3 anos e o 50% dos de 3 a 6 anos. En todo caso, e a pesar de que no segmento dos que teñen máis de 6 anos de experiencia no sector son clara maioría os que firmaron contratos de máis dun ano, non debemos esquecer que un 30,3% dos mesmos nunca firmou un contrato de máis dun ano, o cal tamén é un claro indicador da importancia da temporalidade na Hostalería.

- ✓ Os datos sobre o contrato de menor duración volven a evidenciar claramente unha elevada temporalidade na vida laboral dos enquisados, pois un 16,5% manifesta ter realizado traballos de un só día, un 13,6% de entre 2 días e tres semanas, e un 12,4% dun mes, polo que o 42,6% dos enquisados ten firmado contratos de 1 mes ou menos de duración. Se a esta cifra lle agregamos a daqueles que formalizaron contratos por 2 meses (9,6%) e a daqueles que o fixeron por 3 (17,9%, o contrato máis citado como o de menor duración), comprobamos que o 70% firmou algunha vez un contrato de 3 meses ou menos, é dicir, un contrato evidentemente temporal. No extremo contrario, un 7,5% dos enquisados manifestan que incluso o seu contrato de menor duración foi de máis dun ano.

- ✓ A duración media dos contratos ao longo da vida laboral dos enquisados no sector da Hostalería, a curta duración dos contratos máis longos, e a participación da inmensa maioría dos enquisados en contratos de curta duración, definen un sector cunha forte temporalidade e inestabilidade laboral nos distintos postos de traballo.

- ✓ A estacionalidade é outro dos trazos que caracterizan ao sector da Hostalería compostelán, e que en parte pode explicar a temporalidade nas contratación que vimos de comentar nas páxinas anteriores. Cando preguntamos aos enquisados polo período no que traballaron principalmente no último ano a resposta máis frecuente é a que sinala que o fixeron en calquera momento do ano / ao longo de todo o ano (45,3%) se ben dista moito de ser a resposta claramente dominante. Ademais, esta cifra vese superada pola agregación das respostas que citan períodos do ano específicos (47,3%), destacando especialmente aqueles que sinalan unha maior oferta laboral no período estival (41,8%), e xa por debaixo do 4% aqueles que afirman ter traballado especialmente no Nadal (3,8%), e en Semana Santa-primavera (1,7%).

A porcentaxe dos que din traballar de xeito estacional é algo maior no ámbito do aloxamento e hoteis, pois entre os enquisados vinculados a ese ámbito a resposta máis frecuente é a do traballo sobre todo no verán (48,4%, fronte ao 40,5% dos que din que ao longo de todo o ano). Pola súa parte, entre os traballadores de bares e restaurantes son máis os que traballan ao longo de todo o ano (46,1%) que os que o fan principalmente no verán (41,1%).

- ✓ O contrato indefinido é visto maioritariamente como o tipo de contrato ideal tanto para a rama de aloxamento como para a de restauración: O 53,1% considera que é o tipo de contrato ideal para o sector de Aloxamentos e Hoteis. Así mesmo, o 59% opina que tamén o é para o sector de Restaurantes e Bebidas.
- ✓ O fixo-discontinuo ocupa o segundo posto en ambos casos: foi mencionado polo 22,5% para o sector de Aloxamentos e Hoteis e o 19,1% para o de Restaurantes e Bebidas. En terceiro lugar, atopamos aos que dixeron que o tipo de contrato ideal para ambos sectores era o temporal (16,3% para o primeiro e 14,6% para o segundo).
- ✓ A duración da xornada é un elemento máis a ter en conta á hora de avaliar as condición laborais na Hostalería compostelá, de xeito que canto menor sexa a duración das xornadas maior será a precariedade desas condición laborais.
- ✓ O 57,3% dos enquisados que teñen experiencia profesional no sector manifestaron que no seu traballo actual ou no seu último emprego tiveron unha xornada laboral completa. Así mesmo, o 55,9% manifesta ese foi tipo de xornada máis habitual ao longo da súa experiencia laboral. Consecuentemente comprobamos que o 40,7% dos enquisados traballan actualmente, ou traballaron no seu último posto, en réxime de xornada parcial e que para un 38,9% esa foi a tónica habitual ao longo da súa vida laboral. Cómpre sinalar que o 40,6% dos que estaban a traballar no momento de realización da enquisa o facían cun contrato a xornada parcial, dato que reafirma a tese de que este tipo de xornada é bastante habitual no sector.
- ✓ Cando se lles pregunta polo tipo de xornada predominante no sector a porcentaxe dos que indican a xornada completa segue a ser a máis elevada pero descende ate un 48,4%, fronte ao 46,5% dos que cren que o máis común é o contrato a media xornada (28,9%) ou por horas (17,6%).

A análise por segmentos móstranos como canto máis novos son os enquisados máis probable é que traballasen no seu último contrato, e no conxunto da súa experiencia no sector, a xornada parcial. Por ramas a xornada completa é máis común nos aloxamentos (8%) que nos bares e restaurantes (52,6%).

- Salario e horas extra

✓Dous de cada tres enquisados con experiencia no sector tivo habitualmente un salario de 900 € ou menos ao mes, é dicir, inferior ao estipulado no convenio provincial. Ao preguntar aos enquisados con experiencia laboral polo seu soldo actual ou no último posto, o 37,8% asegura que era de 650 € ou inferior (cifra que se corresponde co salario mínimo interprofesional), o 27,3% dixo que estaba entre os 651 e os 900 € e un 25,1% sinalou que o seu salario estaba no tramo entre 901 e 1.200 €. Só un 5,7% indicou que cobraba máis de 1.200 €.

✓Ao referir a pregunta ao tramo salarial máis frecuente na súa vida laboral atopamos pequenas variacións, pois o máis sinalado é agora o de 651 a 900 € (35,9%) seguido do de "Ate 650 euros" (30,5%). En terceiro lugar continua o tramo de 901 a 1.200 € (23,4%) e non chegan ao 3% os que cobraron máis de 1.200 €.

✓O convenio colectivo do sector na provincia da Coruña fixa un salario para o posto de camareiro, o máis común entre os enquisados, de 983 €. Esta cifra é para un contrato de xornada completa, pero, como vimos, os contratos por horas ou a media xornada son moi frecuentes na vida laboral dos enquisados, e non todos ocuparon postos de camareiros, polo que para valorar estes datos débese ter en conta a xornada e o posto predominantes para cada enquisado. En todo caso, é salientable que menos dun 30% dos enquisados con experiencia laboral no sector sitúe o seu soldo medio superior aos 900 €.

✓A percepción xeral sobre o nivel salarial no sector segue a concentrarse nos dous tramos inferiores da escala salarial. Así, o 50,9% opina que o salario máis habitual é de 651 a 900 €, seguidos agora polo 22,5% que cre que é de 901 a 1.200 € e en terceiro lugar, o 19,1% que cre que é de ate 650 €. Os tramos salariais máis elevados neste caso non chegan nin ao 1%. É dicir, só o 23,1% dos enquisados cre que o salario habitual no sector supera os 900 €.

A análise das táboas de segmentación revela variacións significativas. A primeira delas é a que nos mostra como a porcentaxe de mulleres que cobran 900 € ou menos é 15 puntos porcentuais máis alta que a dos homes (70,5% vs. 55,4%), manténdose esta diferencia cando preguntamos polo tramo salarial habitual no conxunto da experiencia laboral. Tamén se observa unha relación cos anos de experiencia no sector, pois a porcentaxe de enquisados con salarios situados nos dous tramos inferiores é máis alta canto menor é a súa experiencia na Hostalería, pasando do 76,6% entre os de menos dun ano ao 51,8% entre os de máis de seis.

A pesar de que cando lle preguntabamos se a formación recibida lle fora de utilidade para acadar unha mellora salarial a maioría dos enquisados non percibían esta utilidade, o certo é que os enquisados coa maior formación específica son os que presentan as menores porcentaxes de salarios de ata 900€, se ben entre eles está tamén é a situación máis frecuente (50,5% fronte a un 43% que se sitúa nos dous tramos superiores). Nos restantes tramos formativos os enquisados que gañan ata 900€ supoñen entre o 63% e o 69%.

- O 61,2% dos entrevistados con experiencia laboral no sector sinalan que no seu último traballo realizaron horas extra. Un 54,4% deles afirma que nunca as cobrou e un 9% que o fixo só ocasionalmente. Así as cousas, só o 36,7% aseguraron que normalmente si as cobraron
- A situación é aínda máis precaria cando preguntamos polo conxunto da experiencia laboral, pois a porcentaxe dos que normalmente facían horas extras increméntase ata o 62%, ao que se engade o 7,4% dos que as facían ocasionalmente (69,4%). Este incremento aínda é maior cando preguntamos se acostumaba a cobralas, pois a porcentaxe dos que agora sinalan que non é do 60,2%, ao tempo que un 15,4% sinala que só as cobraba ocasionalmente, polo que cobrar as horas extras realizadas só era habitual para o 24,4% dos que as realizaron.
- Os enquisados teñen claro que a realización de horas extra é habitual no sector, pois así o perciben case 9 de cada 10 (88,6%). Pero, en canto á remuneración, 7 de cada 10 consideran que o habitual é non cobrar as horas extras realizadas (70,4%), mentres un 15,7% pensa que só se cobran ocasionalmente, e tan só un 9% estima que normalmente si se remuneran.

COÑECEMENTO E CUMPRIMENTO DO CONVENIO COLECTIVO

- Só o 31,3% dos enquisados coñece o convenio colectivo da Hostalería .Este descoñecemento dista moito de ser uniforme, pois varia significativamente en función de variables como a formación específica e a experiencia no sector. O coñecemento do convenio acada o 45,7% entre os que teñen máis de 6 anos de experiencia no sector pero non pasa do 21,9% entre os que non chegan ao ano. En función da formación específica, o coñecemento do convenio acada o 49,1% entre os que dispoñen de formación regrada e sitúase no 37,3% entre os que dispoñen de certificados de profesionalidade, mentres nos tres niveis restantes se sitúa entre o 27% e o 28,6%.
- Entre os enquisados que coñecen o convenio colectivo predomina a idea de que este non se está a cumprir en Compostela. A porcentaxe dos que afirman que no seu actual ou último posto se respeta o Convenio de forma íntegra é do 42,7% (para un 23,5% cúmprese só nalgúns aspectos e para o 28,2% non se cumpre).
- Ao preguntar polo grao de cumprimento do convenio ao longo da súa vida laboral os datos vólvense máis negativos, pois a porcentaxe dos que afirman que se cumpriu baixa ata o 23,9% elevándose ao 27,8% o dos que cren que se cumpríu só en parte e ao 41,5% os dos que afirman que non se cumpriu. Cabe apuntar que aquí constatamos notables diferenzas entre as dúas ramas principais, sendo, segundo a opinión dos enquisados, menor o cumprimento do convenio na restauración (21,8%) que no aloxamento (32%).
- Ao preguntar polo que cren que ocorre no sector da Hostalería en xeral obtemos datos aínda máis negativos: a porcentaxe dos que cren que se cumpre cae ao 12% e a dos que opinan que se incumpre sistematicamente elévase ao 59,6%. Desta forma, entre as persoas que traballan, traballaron ou aspiran a traballar no sector predomina a idea de que nel non se cumpre o Convenio Colectivo. Neste punto debemos sinalar que os máis pesimistas sobre o cumprimento en xeral do convenio no sector son aqueles que teñen experiencia laboral nel.

VI. ANEXOS

VI.1. Ficha técnica

- **Ámbito:** Concello de Santiago de Compostela.
- **Universo**: Persoas que nalgún momento estiveron inscritas como demandantes de emprego nos sectores da Hostalería e comercio no Concello de Santiago de Compostela ou que realizaron cursos formativos relacionados con estes sectores..
- **Tamaño: 800** entrevistas: distribuídas proporcionalmente en función dos parámetros mostrais definidos (sexo e idade) segundo o peso de cada segmentos na base de datos de demandantes de emprego.
- **Tipo de enquisa:** Entrevistas telefónicas asistidas por ordenador (sistema CATI), selección aleatoria de teléfonos sobre o conxunto da base de datos.
- **Método de mostreo:** A selección final de individuos realízase segundo cuotas de sexo e idade, de forma proporcional á distribución de cada segmento na base de datos.
- **Afixación:** Proporcional á distribución de cada segmento na base de datos.
- **Error mostral:** Para un nivel de confianza de 95,5% (dúas sigmas), e p=q, o erro é de ± 3,39% para o conxunto da mostra.
- **Fecha de realización:** Do xoves 10 ao martes 15 de decembro de 2015.

VI.2. Cuestionario

Nº Cuest.

Teléfono				
Base Datos	Ofertas	1	Formación	2 / ___
Enquisador			Cód.	

Sexo	Home	1
	Muller	2
Idade		

Quadernas Consultoría

Bos días/tardes. Chamo da empresa Quadernas Consultoría, que se dedica a facer estudos de opinión e está a realizar un estudo sobre diversos sectores económicos, como por exemplo o da Hostalería, encargado pola **ADMINISTRACIÓN**. Por este motivo pedimos a súa colaboración e agradecémoslla de antemán. O seu teléfono foi seleccionado ao azar mediante métodos estatísticos da base de datos de demandantes de emprego neste sector ou da de persoas que realizaron cursos formativos relacionados co mesmo. Garantímoslle o absoluto anonimato e segredo das súas respostas no máis estrito cumprimento das leis sobre segredo estatístico e protección dos datos persoais. Unha vez gravada a información de xeito anónimo, os cuestionarios individuais son destruídos inmediatamente.

P1. Para comezar, podería dicirme se Vde. traballa, traballou ou buscou emprego no sector da Hostalería?

-Si, estou traballando actualmente… 1
-Si, traballei no pasado…… 2
-Non, pero estou buscando…… 3
-Non, e non me interesa…… 4…. (REMATA ENTREVISTA)
-Ns/Nc…… 9…. (REMATA ENTREVISTA)

P2. E podería indicarme en qué rama traballa / traballaba/ está buscando emprego?

-Aloxamentos e Hoteis…… 1
-Restaurantes e Bares…. 2
-Transporte de viaxeiros…… 3
-Outras actividades turísticas…… 4… Indicar: _____
-Ns/Nc…… 9

P3. E podería dicirme en / de que posto?
(ANOTAR LITERALMENTE)

_____

_____

P4. E canto tempo aproximadamente leva traballando / traballou / leva buscando emprego no sector da Hostalería?

-Menos de 1 ano…… 1
-Entre 1 e 3 anos…… 2
-Entre 3 e 6 anos…… 3
-Máis de 6 anos…… 4
-Ns/Nc…… 9

P5 Cambiado agora de tema e falando da formación en xeral, podería indicarme que tipo de estudos ten Vde.?

-Non ten estudos..... 1
-Primarios..... 2
-Secundarios..... 3
-FP Ciclo Medio…… 4
-FP Ciclo Superior…… 5
-Bacharelato…… 6
-Diplomatura…… 7
-Licenciatura…… 8
-Doutorado…… 9
-Nc..... 99

P6. E, ten Vde. algún tipo de formación específica no sector da Hostalería? Se a resposta é afirmativa, cal é a súa formación máis importante?
(ANOTAR LITERALMENTE. MÚLTIPLE, MÁX. 3 RESP.)

_____

_____

_____

(CODIFICAR SEGUNDO RESPOSTA/S ANTERIOR/ES)

-Si, formación reglada oficial de Ciclo Medio ou Superior…… 1… **(SIGUE EN P7)**
-Si, formación e certificados de profesionalidade..... 2… **(SIGUE EN P7)**
-Si, outra formación non reglada.....3… **(SIGUE EN P7)**
-Non…… 4… **(PASA A P13)**
-Ns/Nc…… 9… **(PASA A P13)**

(SÓ PARA QUEN CONTA CON FORMACIÓN, P6=1, 2 ou 3)

P7. Realizou Vde. algún curso formativo no sector da Hostalería durante o último ano?
(ANOTAR LITERALMENTE. MÚLTIPLE, MÁX. 3 RESP.)

_____

_____

_____

P8. Ata que punto diría Vde. que a formación específica que recibiu ao longo da súa vida lle serviu á hora de atopar traballo no sector (moito, bastante, pouco ou nada)?

-Moito…… 1
-Bastante…… 2
-Pouco…… 3
-Nada…… 4
-Ns/Nc…… 9

P9. E en que medida lle foi útil no desenvolvemento diario do seu actual traballo / último traballo (moito, bastante, pouco ou nada)?

-Moito…… 1
-Bastante…… 2
-Pouco…… 3
-Nada…… 4
-Ns/Nc…… 9

P10. E ata que punto lle serviu para ascender no seu actual traballo / último traballo (moito, bastante, pouco ou nada)?

-Moito…… 1
-Bastante…… 2
-Pouco…… 3
-Nada…… 4
-Ns/Nc…… 9

P11. E, para acadar un incremento no seu salario (moito, bastante, pouco ou nada)?

-Moito…… 1
-Bastante…… 2
-Pouco…… 3
-Nada…… 4
-Ns/Nc…… 9

P12. En qué medida, moito, bastante, pouco ou nada, está Vde. satisfeito coa formación recibida?

-Moi satisfeito…… 1
-Bastante satisfeito…… 2
-Pouco satisfeito…… 3
-Nada satisfeito…… 4
-Ns/Nc…… 9

P13. Ata que punto cre Vde. que a oferta formativa específica no sector da Hostalería se adecúa ás necesidades dos traballadores (moito, bastante, pouco ou nada)?

-Moito…… 1
-Bastante…… 2
-Pouco…… 3
-Nada…… 4
-Ns/Nc…… 9

P14. Gustaríalle poder realizar algún curso formativo que non teña e que lle fose a resultar útil para o desenvolvemento das súas tarefas no seu posto de traballo actual / lle houbese resultado útil no seu último posto de traballo? Se a resposta é afirmativa, cales serían os cursos principais?
(ANOTAR LITERALMENTE. MÚLTIPLE, MÁX. 3 RESP.)

_____

_____

_____

(CODIFICAR SEGUNDO RESPOSTA/S ANTERIOR/ES)

-Si, indica curso/s..... 1
-Si, pero non indica curso/s..... 2
-Non..... 3
-Ns/Nc..... 9

P15. Coñece Vde. o Plan Acredita da Xunta de Galicia para a consecución dunha titulación reglada de Ciclo Medio ou Superior de FP acreditando as competencias en diferentes sectores profesionais para aquelas persoas que posúan experiencia profesional e/ou ensinanza non reglada en ditos ámbitos?

-Si..... 1 **pasar a P16**
-Non..... 2
-Nc..... 9

(SÓ PARA QUEN COÑECE O PLAN ACREDITA, P15=1)

P16. E participou nel?

-Si..... 1
-Non..... 2
-Nc..... 9

P17. Concretamente no sector da Hostalería e Turismo as cualificacións profesionais que se acreditan son: 1) as de cociña, repostaría, pastelería e confeitaría; 2) servizos de bar e cafetería; 3) servizos de restaurante; e 4) recepción e xestión de pisos e limpeza en aloxamentos. Estaría Vde. interesado en acreditarse nalgunha delas? **(RESPOSTA MULTIPLE)**

-Si, en cociña, repostería, pastelería e confeitaría..... 1
-Si, en servizos de bar e cafetería..... 2
-Si, en servizos de restaurante..... 3
-Si, en recepción e xestión de pisos e limpeza en aloxamentos..... 4
-Non..... 5
-Nc..... 9

(SÓ PARA QUEN DESEXE ACREDITACIÓN EN SERVIZOS DE BAR E CAFETERÍA, P17=2)

P18. Os centros de acreditación para os servizos de bar e cafetería están en Vigo. Estaría Vde. disposto a desprazarse a esta cidade para acreditarse?

-Si..... 1
-Non..... 2
-Nc..... 9

P19. E se o centro estivese en Santiago, acreditaríase Vde. nesta cualificación profesional?

-Si..... 1
-Non..... 2
-Nc..... 9

(SÓ PARA QUEN DESEXE ACREDITACIÓN EN SERVIZOS DE RESTAURANTE, P17=3)

P20. Os centros de acreditación para os servizos de restaurante están en Vigo. Estaría Vde. disposto a desprazarse a esta cidade para acreditarse?

-Si..... 1
-Non..... 2
-Nc..... 9

P21. E se o centro estivese en Santiago, acreditaríase Vde. nesta cualificación profesional?

-Si..... 1
-Non..... 2
-Nc..... 9

(SÓ PARA QUEN DESEXE ACREDITACIÓN EN SERVIZOS DE XESTIÓN DE PISOS E LIMPEZA EN ALOXAMENTOS, P17=4)

P22. O centro de acreditación para os servizos de xestión de pisos e limpeza en aloxamentos está en Pontevedra. Estaría Vde. disposto a desprazarse a esta cidade para acreditarse?

-Si..... 1
-Non..... 2
-Nc..... 9

P23. E se o centro estivese en Santiago, acreditaríase Vde. nesta cualificación profesional?

-Si..... 1
-Non..... 2
-Nc..... 9

P24. Pensando agora en conxunto, diría Vde. que para o seu actual posto de traballo / último posto de traballo está moito, bastante, pouco ou nada cualificado?

-Moi cualificado..... 1
-Bastante cualificado..... 2
-Pouco cualificado..... 3
-Nada cualificado..... 4
-Non procede..... 5
-Ns/Nc..... 9

P25. E, podería dicirme se no seu traballo actual / no seu último traballo en Hostalería, a empresa lle dá facilidades para poder asistir a cursos relacionados co seu posto?
P26. E, en xeral nos seus traballos na Hostalería, as empresas déronlle facilidades para poder asistir a cursos relacionados cos seus postos?
P27. E no sector da Hostalería en xeral, cre Vde. que as empresas soen dar facilidades aos seus traballadores para que poidan asistir a cursos relacionados cos seus postos?

FACILIDADES PARA ASISTIR	Moito	Bastante	Pouco	Nada	Ns/Nc
P25. No actual / último traballo	1	2	3	4	9
P26. Ao longo da vida laboral	1	2	3	4	9
P27. No sector da hostalería	1	2	3	4	9

P28. E, podería dicirme se considera Vde. que no seu traballo actual / no seu último traballo en Hostalería, a empresa valora/ba a súa formación en relación ao seu posto?
P29. E, en xeral, diría Vde. que nos seus traballos na Hostalería, as empresas valoraron a súa formación en relación cos seus postos?
P30. E no sector da Hostalería en xeral, cre Vde. que as empresas soen valorar a formación dos seus traballadores?

VALORACIÓN OUTORGADA	Moito	Bastante	Pouco	Nada	Ns/Nc
P28. No actual / último traballo	1	2	3	4	9
P29. Ao longo da vida laboral	1	2	3	4	9
P30. No sector da hostalería	1	2	3	4	9

P31. Volvendo a falar agora da súa experiencia laboral no sector da Hostalería, cal das seguintes afirmacións reflectiría mellor a súa vida laboral?

-Leva máis da metade da súa vida traballando na Hostalería… 1
-Leva a metade da súa vida traballando na Hostalería…… 2
-Leva traballando na Hostalería un terzo da súa vida laboral.… 3
-Nunca traballou na Hostalería…… 4
-Ns/Nc…… 9

(ATENCIÓN AOS ENQUISADOS QUE NUNCA TRABALLARON, P31=4, SO SE LLE FARÁN AS PREGUNTAS DESTE BLOQUE RELACIONADAS CO SECTOR, É DICIR: P34; P35; P38; P39; P45; P45.1; P48; P53; P57; e P58)

P32. Pensando agora concretamente no traballo en Hostalería, como accedeu Vde. ao seu posto de traballo actual / o seu último posto de traballo?
P33. E, en xeral nos seus traballos na Hostalería, como accedeu Vde. aos seus postos de traballo?
P34. E no sector da Hostalería en xeral, como cre Vde. que se soe acceder aos postos de traballo?

ACCESO AO TRABALLO	Medios propios, redes sociais (amigos, familia...)	Servizo Galego de Coloca-ción	Axencia Local de Coloca-ción	Medios de comuni-cación: Internet, prensa	ETT	Ns/ Nc
P32. No actual / último traballo	1	2	3	4	5	9
P33. Ao longo da vida laboral	1	2	3	4	5	9
P34. No sector da hostalería	1	2	3	4	5	9

P35. Que opinión lle merece a Vde.o feito de que as empresas do sector recurran a ETT´s para contratar persoal? **(TAMÉN AOS QUE NUNCA TRABALLARON, P31=4)**

-Moi ben…… 1
-Ben…… 2
-Mal…… 3
-Moi mal…… 4
-Ns/Nc…… 9

P36. E, podería dicirme que tipo de contrato ten actualmente Vde. / tivo no seu último traballo en Hostalería?
P37. E, en xeral nos seus traballos na Hostalería, que tipo de contratos tivo Vde. con máis frecuencia?
P38. E no sector da Hostalería en xeral, cales cre Vde. que soen ser os tipos de contratos máis habituais? **(TAMÉN AOS QUE NUNCA TRABALLARON, P31=4)**

CONTRATOS	Indefinido	Fixo-discontínuo	Temporal	En prácticas	Sen contrato	Outros.Indicar::	Ns/Nc
P36. No actual / último traballo	1	2	3	4	5	8	9
P37. Ao longo da vida laboral	1	2	3	4	5	8	9
P38. No sector da hostalería	1	2	3	4	5	8	9

P39. Diría Vde. que no sector da Hostalería en xeral, traballar sen contrato é unha práctica moito, bastante, pouco ou nada habitual? **(TAMÉN AOS QUE NUNCA TRABALLARON, P31=4)**

-Moi habitual…… 1
-Bastante habitual…… 2
-Pouco habitual…… 3
-Nada habitual…… 4
-Ns/Nc…… 9

P40. Podería sinalarme, por favor, o número de contratos que tivo Vde. no último ano no sector Hostaleiro?
(ANOTAR LITERALMENTE)

_____

P41. Falando agora en conxunto da súa vida laboral na Hostalería, podería dicirme aproximadamente, cal foi a duración media dos seus contratos?
(ANOTAR LITERALMENTE E CODIFICAR EN DÍAS)

_____ _____ días

P42. E, canto tempo traballou no contrato de máis longa duración? **(ANOTAR LITERALMENTE E CODIFICAR EN DÍAS)**

_____ _____ días

P43. E, no de menor duración? **(ANOTAR LITERALMENTE E CODIFICAR EN DÍAS)**

_____ _____ días

P44. Pensando nos últimos anos, diría Vde. que traballou…

-Ao longo de todo o ano…… 1
-Sobre todo no Nadal…… 2
-Sobre todo en Semana Santa... 3
-Sobre todo no verán…… 4
-Outras tempadas…… 5…..Indicar cales: _____
-Ns/Nc…… 9

P45. Pensando nos fluxos turísticos da cidade, cal diría Vde. que é o tipo de contrato ideal no sector de Aloxamentos e Hoteis? **(TAMÉN AOS QUE NUNCA TRABALLARON, P31=4)**

P45.1 E, cal diría Vde. que é o tipo de contrato ideal no sector de Restaurantes e Bebidas? **(TAMÉN AOS QUE NUNCA TRABALLARON, P31=4)**

CONTRATO IDEAL PARA OS SECTORES	Indefinido	Fixo-discontínuo	Temporal	En prácticas	Sen contrato	Outros.Indicar::	Ns/Nc
P45. Aloxamentos e Hoteis	1	2	3	4	5	8	9
P45.1 Restaurantes e Bebidas	1	2	3	4	5	8	9

P46. E, podería dicirme que tipo de xornada laboral ten actualmente Vde. / tivo no seu último traballo en Hostalería?
P47. E, en xeral nos seus traballos na Hostalería, que tipo de xornada laboral tivo Vde. con máis frecuencia?
P48. E no sector da Hostalería en xeral, cales cre Vde. que soen ser os tipos de xornada laboral que se fan? **(TAMÉN A QUEN NUNCA TRABALLOU, P31=4)**

XORNADA	Completa	Media xornada	Por horas	Ns/ Nc
P46. No actual / último traballo	1	2	3	9
P47. Ao longo da vida laboral	1	2	3	9
P48. No sector da hostalería	1	2	3	9

P49. No seu traballo actual / no seu último traballo en Hostalería fanse / facíanse horas extra?

-Normalmente si…… 1… (PASA A P50)
-Si, ocasionalmente……....2… (PASA A P50)
-Non…….....…….. 3… (PASA A P51)
-Ns/Nc.……..……..…….. 9… (PASA A P51)

(SÓ AOS QUE FAN O FACÍAN HORAS EXTRA, P49= 1 ou 2)

P50. E, cóbraas / cobrábaas Vde.?

-Normalmente si…… 1
-Si, ocasionalmente……....2
-Non…….....…….. 3
-Ns/Nc.……..……..…….. 9

P51. E, en xeral nos seus traballos na Hostalería, facíanse horas extra?

-Normalmente si…… 1… (PASA A P52)
-Si, ocasionalmente……....2… (PASA A P52)
-Non…….....…….. 3… (PASA A P53)
-Ns/Nc.……..……..…….. 9… (PASA A P53)

(SÓ AOS QUE FAN O FACÍAN HORAS EXTRA, P51= 1 ou 2)

P52. E, acostumaba a cobralas Vde.?

-Normalmente si…… 1
-Si, ocasionalmente……....2
-Non…….....…….. 3
-Ns/Nc.……..……..…….. 9

P53. E no sector da Hostalería en xeral, fanse horas extra habitualmente? **(TAMÉN A QUEN NUNCA TRABALLOU, P31=4)**

-Normalmente si…… 1… (PASA A P54)
-Si, ocasionalmente……....2… (PASA A P54)
-Non…….....…….. 3… (PASA A P55)
-Ns/Nc.……..……..…….. 9… (PASA A P55)

(SÓ QUEN CRE QUE SE FAN HORAS EXTRA, P53= 1 ou 2)

P54. E, cree que se acostuman a cobrar?

-Normalmente si…… 1
-Si, ocasionalmente……....2
-Non…….....…….. 3
-Ns/Nc.……..……..…….. 9

P55. E, podería dicirme en que tramo salarial se atopa Vde. actualmente / atopábase Vde. no seu último traballo en Hostalería?
P56. E, en xeral nos seus traballos na Hostalería, en que tramo salarial atopouse Vde. con máis frecuencia?
P57. E no sector da Hostalería en xeral, cales cre Vde. que soen ser os tramos salariais habituais para un posto laboral como o seu / como o que demanda? **(TAMÉN A QUEN NUNCA TRABALLOU, P31=4)**

TRAMO SALARIAL	Ata 650 €	De 651 a 900 €	De 901 a 1.200 €	De 1.201 a 1.800 €	Máis de 1.800 €	Ns/Nc
P55. No actual / último traballo	1	2	3	4	5	9
P56. Ao longo da vida laboral	1	2	3	4	5	9
P57. No sector da hostalería	1	2	3	4	5	9

P58. Coñece Vde. o Convenio Colectivo do sector da Hostelería? **(TAMÉN A QUEN NUNCA TRABALLOU, P31=4)**

-Si…….…… 1 **(PASAR A P59)**
-Non…….…….. 2 **(PASAR A P62)**
-Nc.……..…….. 9 **(PASAR A P62)**

(SÓ AOS QUE COÑECEN O CONVENIO, P56= 1)

P59. E, podería dicirme se no seu traballo actual / no seu último traballo en Hostalería cúmprese o Convenio Colectivo do Sector?
P60. E, en xeral nos seus traballos na Hostalería, cumpríase o Convenio Colectivo do Sector?
P61. E no sector da Hostalería en xeral, cre Vde. que acostuma a cumprirse o Convenio Colectivo do Sector? **(TAMÉN A QUEN NUNCA TRABALLOU, P31=4)**

CONVENIO COLECTIVO	Si	So algúns aspectos	Non	Ns/ Nc
P59. No actual / último traballo	1	2	3	9
P60. Ao longo da vida laboral	1	2	3	9
P61. No sector da hostalería	1	2	3	9

P62. Xa para rematar, e falando agora de Vde., importaríalle dicirme cantos anos cumpriu no último cumpreanos?

Idade …… ____|____...anos

Moitas grazas pola súa colaboración que para nós é de gran utilidade.